**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 7 de novembro de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

Dª. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
Dª. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
Dª. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill
Dª. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día sete de novembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está presente por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1456).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 31 de outubro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa–presidenta.

**2(1457).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DAS CONCELLERÍAS DE DISTRITO CORRESPONDENTES O CUARTO TRIMESTRE DO ANO. EXPTE. 2524/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Protocolo e relacións públicas, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Por Decreto da Alcaldía de 17 de decembro de 2003, ratificado por acordo plenario de 29 de decembro do mesmo ano, crearonse as Concellerías de Distrito en número de tres, co gallo de aproxima-la Adminsitración a extensas zonas do termo municipal, de crecente poboación.*

*Estas concellerías foron as constituídas para o Distrito 4 (Coia, Balaídos, Espedrigada), a cargo da Concelleira María Soledad Polo Lima; Distritos 5 e 8 (Freixeiro, Castrelos, Sárdoma, Matamá, Beade, Valadares e Zamáns), a cargo do concelleiro D. Carlos Comesaña Abalde; e Distritos 6 e 7 (Teis, Lavadores, Candeán e Cabral), a cargo do Concelleiro José Manuel Couto Pérez.*

*As devanditas Concellerías de Distrito, carecen de fondos propios, polo que non poden absorve-los gastos xerados na súa actividade, con especial incidencia na locomoción, dadas as distancias a percorrer nestes distritos.*
*Estes gastos poderían cubrirse cunha asignación mensual de trescentos euros por cada unha das Concellerías, a xustificar durante un período de tres meses, a renovar ó remate do mesmo.*

*Con data 6 de maio do ano en curso, esta Secretaría Particular de Alcaldía produxo expediente destinado a aproba-la oportuna asignación de fondos para cubrir estes gastos, con cargo á P. 111.0.231.00.00, e para un periodo de tres meses a renovar ó remate dos mesmos; expediente aprobado pola Xunta Local de Goberno na súa sesión do 30 de maio do ano que andamos.*

*Transcorrido en exceso o prazo marcado, e continuandose a producir os gastos orixe deste expediente, proponse á Xunta de Goberno Local adopta-lo seguinte acordo:*

*"Asignar a cada unha das Concellerías de Distrito a cantidade de 400 € mensuais (total 1.200 euros as tres concellerías, o que fai un total de 3.600 €) en concepto de gastos de locomoción a xustificar, por un periodo de tres meses, con efectos de primeiro de outubro do ano en curso, e isto con cargo á P. 111.0.231.00.00 do vixente presuposto".*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1458).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4857/2002 INTERPOSTO POR D. JOSE MANUEL NORES PORTELA CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 1.06.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto contra desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial contra o Excmo. Concello de Vigo por danos producidos no vehículo do demandante debido ao mal estado da calzada. A sentenza falla o seguinte:

"Que estimando a demanda interposta procede indemnizar ao demandante na cantidade de 147.132.-ptas."

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Contratación, Intervención e Tesourería.

**4(1459).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4584/2002 INTERPOSTO POR D. CESAR FERNÁNDEZ PÉREZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 18.05.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia interposto contra desestimación presunta,

por silencio administrativo, da reclamación formulada polo recorrente en data 30.11.01, sobre responsabilidade patrimonial da Administración ante o Concello de Vigo, en solicitude de indemnización polos danos e prexuízos ocasionados ao vehículo da súa propiedade ao caerlle varias arbores enriba como consecuencia da forte temporal producida o día 28.01.01. A sentenza que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de D. Cesar Fernández Pérez contra a resolución reseñada no encabezamento desta resolución desestimatoria por silencio administrativo, da reclamación formulada polo recorrente D. Cesar Fernández Pérez en data 30.11.01, sobre responsabilidade patrimonial da Administración ante o Concello de Vigo que se declara conforme a Dereito; e iso sen facer especial pronunciamento con respecto á imposición das custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

**5(1460).- AUTO DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4074/2003 INTERPOSTO POR D. FERNANDO RODRÍGUEZ GÓMEZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta do auto de data 13.04.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declarar rematado o presente recurso procedemento ordinario 0004074/2003 interposto por Fernando Rodríguez Gómez contra desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos no vehículo PO-9832-AP, o 28.01.01 dictado polo Concello de Vigo (PO); sen facer imposición das custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

**6(1461).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 04/585/05, 04/916/05, 23/28.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- Flora Fernández Castro. Expte. 23/28.
- Josefa Abad Bernardez. Expte. 04/916.
- Eudosia Sobreira Comesaña. Expte. 04/585.

**7(1462).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS CENTRAIS SINDICAIS PARA O MANTEMENTO DAS OFICINAS DE INFORMACIÓN SOCIAL E XUVENIL. EXPTE. 12750/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.08.05, e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 10.10.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coas Centrais sindicais "Comisións Obreiras", "Confederación Intersindical Galega" e "Unión Xeral de Traballadores", que regula as concesións de funcionamento dos servizos de información social das mesmas cunha vixencia ata o 31.12.06.

2º.- Aprobar o gasto de 100.000 € (cen mil euros), como o importe total do convenio. O financiamento será por un importe de 50.000€ con cargo á partida 3130.489.00.01 "Convenio sindicatos serv. Información e act. Soci." Neste ano 2005 e de 50.000 €, con cargo á mesma partida no ano 2006.

3º.- Aprobar a delegación de competencia para asinar o convenio entre o Concello de Vigo e as Centrais sindicais, en Dª Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS CENTRAIS SINDICAIS PARA O MANTEMENTO DAS OFICINAS DE INFORMACIÓN SOCIAL E XUVENIL*

Vigo, de de 2005

*Reunidos:*

*Dunha parte, Dª Marta Iglesias Bueno, con Dni. 35317924K, Delegada da Área de Participación Cidadá, en virtude do decreto de Alcaldía do 21/02/05 e acordo da Xunta de Goberno Local de 28/02/05, autorizada expresamente por acordo do mesmo órgano en sesión de data.......*

*Doutra parte, D. José Cameselle Romero, Dni. 35985378, en nome e representación da Unión Comarcal de Comisións Obreiras; D. Xerardo Abraldes Fernández, Dni. 36040431, pola Confederación Intersindical Galega e D. Santos Hector Rodríguez Díaz, Dni. 36008431, e Dª Olga Alonso Suárez, Dni. 36042551, pola Unión Xeral de Traballadores.*

*Ambas partes recoñécense mutua capacidade para conveniar e*

*E X P O Ñ E N*

*A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, di que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.*

*Que a participación das Centrais sindicais no funcionamento do sistema democrático é fundamental, recoñecéndolle a contribución que teñen na defensa dos intereses sociais que lle son propios, converténdose en entidades colaboradoras das Administracións Públicas.*

*Así mesmo o Concello de Vigo desenvolve, entre outros programas especializados, o servizo de información e asesoramento de servizos sociais de atención primaria dirixido a suplir as necesidades da poboación ata onde sexa posible, así como actuar cara os diferentes colectivos que polas súas características merecen unha especial atención.*

*A información e asesoramento adecuado posibilita o acceso dos cidadáns ós recursos sociais que lles procura conseguir mellores niveis de calidade de vida.*

*Que a Excma. Corporación Municipal, consciente desta realidade e á vista da experiencia adquirida con actuacións deste tipo, quixo deixar plasmada unha axuda económica para o mantemento das oficinas de información social de que dispoñen as centrais sindicais de Vigo, acordando a creación dunha partida de subvención –a 4890001-, dentro do programa de gasto 3130, cun importe de 50.000€.*

*Que as centrais sindicais aportan as memorias correspondentes do sistema de información social implantado por cada unha delas, cumprindo o obxectivo da consignación anteriormente sinalada, polo que procede conveniar a concesión directa da subvención, articulándose o presente convenio para elo, de acordo co Capitulo III da Lei 38/2003, de 17/11/03, Xeral de subvencións.*

*C L A U S U L A S*

*Primeira.-*

*É obxecto do presente convenio o mantemento das oficinas de información social e xuvenil situadas nas Centrais sindicais implantadas na cidade; Comisións Obreiras, Confederación Intersindical Galega e Unión Xeral de Traballadores que singularizan o asesoramento que, en xeral, veñen ofrecendo.*

*Segunda.-*

*Os diversos puntos de información representan un indubidable beneficio para a poboación, pois conxúganse os dereitos activos coma os pasivos cos recursos sociais ós que poidan acceder traballadores en xeral, pensionistas e mocidades, de aí a necesidade de profesionais adecuados na atención.*

*Terceira.-*

*O ámbito das actividades especificas das oficinas ou puntos de información emprazados nas Centrais sindicais coordinaranse efectivamente co S.I.O (Servizo de información, orientación e asesoramento sobre recursos e dereitos sociais) dos Servizos Sociais de atención primaria do departamento de Benestar Social do Concello, que lles prestará a colaboración que demanden ata onde sexa posible, descentralizándose aínda máis e facilitando o acceso ós servizos sociais xerais.*

*Cuarta.-*

*Polo presente convenio, cada unha das centrais sindicais, individualmente comprométese a:*

a) *Desenvolver as actividades especificas do obxecto ofrecendo toda a información posible sobre os recursos sociais e xuvenis a disposición dos usuarios potenciais no horario de 9:30 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:00.*
b) *Dispoñer os medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento dos puntos de información, contando, como minimo, cun profesional do traballo social o graduado social.*

c) *Atender as indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.*
d) *Participar nas reunións de coordinación marcadas e a petición do persoal técnico do Concello.*
e) *Facer constar na publicidade das actividades que impliquen divulgación, difusión ou publicación, que se atopan subvencionadas polo Concello.*

*Quinta.-*

*O Concello de vigo, pola súa banda comprométese a:*

a) *Garantir a prestación adecuada das actividades motivo do convenio, como responsable último do proxecto.*
b) *Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.*
c) *Dispor os medios económicos precisos para cubrir os gastos das actividades que lle corresponden segundo o convenio.*

*Sexta.-*

*O persoal que atenderá os puntos de información de acordo coas memorias que achegan cada unha delas, será dependente das centrais sindicais asinantes, sen que en ningún caso se estableza vinculo laboral co Concello de Vigo, correndo por parte das mesmas toda clase de obrigacións.*

*Sétima.-*

*As centrais sindicais asinantes disporán dos locais suficientes e nas debidas condicións para a instalación dos puntos de información aportando o material preciso para elo e que estarán debidamente sinalizadas con indicación suficientemente visible da colaboración municipal no seu funcionamento.*

*Oitava.-*

*Crease unha Comisión mixta de seguimento do convenio para entender as controversias que poidan presentarse na súa aplicación así como analizar a marcha dos puntos de información e a efectividade da coordinación cos servicios de atención primaria municipal asi como a analise dos informes de actividade que se señalan no convenio*

*A Comisión constitúese cun representante por cada unha das centrais conveniantes e tres representantes do Concello sendo presidida polo Concelleiro ou Delegado da Área que inclúa os Servizos Sociais municipais.*

*Novena.-*

*Como axuda para o funcionamento dos puntos de información, o Concello aportará a cada unha das centrais sindicais asinantes, con cargo á partida orzamentaria 3130.4890001 unha cantidade igual de 16.666 € no exercicio 2005 e o mesma importe no exercizo 2006, quedando istas obrigadas a xustificar o gasto coa documentación pertinente, fundamentalmente de salarios e Seguridade Social*

*Décima.-*

*Con referencia ó pago das cantidades acordadas como presuposto do presente convenio, o Concello de Vigo aboará o importe comprometido da seguinte maneira:*

*<u>Ano 2005</u>*

- *8.000 € á formalización do convenio.*
- *8.666 € no mes de decembro. O pago será tramitado unha vez sexa certificada polo técnico responsable a realización correcta das actividades do convenio.*

*<u>Ano 2006</u>*

- *8.000 € no mes de abril de 2006, unha vez sexa certificado polo técnico responsable que se desenvolveron as actividades obxecto do convenio durante o primeiro trimestre do exercicio.*
- *8.666 € no mes de decembro. O pago será tramitado unha sexa certificada polo técnico responsable a realización correcta das actividades obxecto do mesmo.*

*Decimo primeira.-*

*Por períodos semestrais, as centrais sindicais obríganse a informar ó Concello sobre o funcionamento da oficina, indicando numericamente as informacións facilitadas, divididas polas áreas de actuación que contempla a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia. A saber:*

a) *Comunidade*
b) *Familia, infancia e xuventude*
c) *Minusvalias*
d) *Vellez*
e) *Muller*
f) *Drogodependencias e alcoholismo*
g) *Minorías étnicas*
h) *Delincuencia e reinserción*
i) *Outras problemáticas de marxinación social*

*No transcurso do mes de xaneiro dos anos 2006 e 2007, as centrais sindicais deberán presentar a seguinte documentación:*

a) *Memoria da actividade desenvolta e avaliación xeral das accións, indicando o número de receptores da actividade.*
b) *Informe-resumen no que figure o número das informacións facilitadas dividida en áreas de actuación, segundo clasificación indicada anteriormente, destacando a problemática en cada unha delas.*

*<u>Decimo segunda.-</u>*

*O presente convenio estará vixente desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2006.*

*<u>Norma final.-</u>*

*En todo o non previsto no presente convenio, estarase ó disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE nº 276 de 18/11/2003)*

**8(1463).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DA ORQUESTA LE TRIOMPHE DE L'AMOUR- FESTIVAL DE MÚSICA ARE-MORE 2005. EXPTE. 9182/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais do Departamento de Cultura, do 02.11.05, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto da orquestra *LE TRIOMPHE DE L'AMOUR*, o día 19 de novembro, ás 20,30 horas, no Teatro-Cine Fraga Caixagalicia, dentro do programa do *Festival de Música Are-More 2005.*

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 39.906.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2005, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ, con NIF 36.074.726-P.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA*
*Orquestra Barroca "LE TRIOMPHE DE L'AMOUR"*

*En Vigo, o xx de xxxxxxxxxxx de 2005*

*Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que actúa en representación de si mesmo, e con domicilio en Ames (A Coruña), Urbanización Las Mimosas, A-12, CP 15895; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

*<u>CLÁUSULAS</u>*

*<u>OBXECTO DO CONTRATO</u>*
*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto da orquestra barroca LE TRIOMPHE DE L'AMOUR, no sucesivo O ARTISTA, co programa "La descente d'orfphée aux enfers", de Marc-Antoine Carpentier, e "La paix du parnasse", intermezzo de François Couperin, sábado 19 de novembro de 2005, ás 20,30 horas, no recinto denominado Teatro-Cine Fraga-Caixagalicia. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 70 minutos.*

*Este concerto inclúese no FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO "ARE-MORE" 2005, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.*

*VALIDEZ*

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluidas as do ANEXO, sempre antes do día 11 de novembro de 2005.*

*RETRIBUCION E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 34.401,72.- Euros máis 5.504,28.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 39.906.-Euros (trinta e nove mil novecentos seis euros), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.*

*O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Alejandro Arnáiz Méndez NIF 36.074.726-P, que se lle entregará momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

*CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de producción), publicidade e dereiros de autor.*

*PERMISOS*

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.*

*AFORO E ENTRADAS*

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 839 butacas (630 en patio de butcas, 177 en anfiteatro e 32 en palcos). O CONCELLO porá as correspondentes entradas á venda e será o beneficiario da total recaudación; tamén reservará invitacións protocolarias das que entregará á AXENCIA un máximo de dez (10).*

*O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá adecuadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.*

*IMAXE DO ARTISTA*

*SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxeto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demáis condicións de venda.*

*OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxetos.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demáis persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.*

*A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeros minutos do concerto.*

*PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.*

*PATROCINIOS*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxeto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.*

*O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2005 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA e a XUNTA DE GALICIA, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respeito á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.*

*SEGURIDADE DO CONCERTO*

*DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuizo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuizo das responsabilidades que se poideran atribuir á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.*

*DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.*

*INSTALACIÓNS*
*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 16:00 horas da día anterior ao concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.*

*SUSPENSIÓN DO CONCERTO*
*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.*

*INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS*
*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do estabelecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respeito ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.*

*XURISDICIÓN*
*VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

*ANEXO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS*

*1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.*

*1.1. ESCENARIO.*
*A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.*

*1.2. SON E ILUMINACIÓN.*
*Non se precisa equipo de son; o de iluminación será por conta da AXENCIA.*

*1.3. BACKLINE.*
*Será por conta da AXENCIA calquera elemento de "backline" necesario para a realización do concerto, especialmente o aluguer e afinamento dun clave e órgano positivo.*

*Será por conta do CONCELLO: tarimas para orquestra, 20 cadeiras e atriles, proxector con traducción simultánea.*

*1.4 RECINTO E INSTALACIÓNS.*
*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.*

*2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.*

*- camerinos*
*- saída ao escenario (entre caixas)*
*- pasillos entre camerinos e escenario*

*3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*
*Non se precisan*

*4. CAMERINOS.*
*O CONCELLO proveerá ao ARTISTA de CATRO camerinos de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.*

*Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñibeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estos llo requiran.*

*5. CATERING.*
*O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respeito á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral e refrigerios para 20 persoas.*

*Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.*

*6. VEHÍCULOS.*
*O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.*

*O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respeito á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.*

*7. MERCHANDISING.*
*O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o "merchandising" do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.*

*8. PERSOAL DE PRODUCIÓN.*
*8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCIÓN.*
*O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.*

*8.2. ELECTRICISTA.*
*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.*

*8.3. MANTEMENTO.*
*O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.*

*8.4. OUTRO PERSOAL.*
*Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo: taquilleiros, porteiros, acomodadores.*

*9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.*
*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, "backstage", equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.*

*O servicio de vixilancia e seguridade estará dispoñibél dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá*

*- zona de camerinos e pasillos*
*- acceso ao escenario e "backstage"*
*- equipos de son e de iluminación*

*As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxeto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.*

*Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.*

*Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.*

*O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*10. ACTUACIÓN E ENSAIO.*

*10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*
*Durante a xornada completa do día do concerto*

*10.2. ENSAIO TÉCNICO.*
*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

*10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).*
*O concerto comezará con estricta puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamiento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.*

*11. PUBLICIDADE.*
*A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...*

*12. PROGRAMA.*
*O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.*

*Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

**9(1464).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE "APOLLO E DAPHNE"(MARÍA CRISTINA KIEHR, FURIO ZANASSI E ENSEMBLE STYLUS PHANTASTICUS) FESTIVAL DE MUSICA ARE-MORE 2005. EXPTE. 9181/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais do Departamento de Cultura, do 02.11.05, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de *"Apollo e Daphne"* a cargo da soprano María Cristina Kiehr, o barítono Furio Zanassi e o Ensemble Stylus Phantasticus, o día 29 de novembro, ás 20,45 horas, na Parroquia-Santuario "María Auxiliadora", dentro do programa do *Festival de Música Are-More 2005.*

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 35.335,60.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2005, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ, con NIF 36.074.726-P.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA*
*APOLLO E DAPHNE*
*María Cristina Kiehr (soprano), Furio Zanassi (barítono)*
*Ensemble Stylus Phantasticus*

*Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que actúa en representación de si mesmo, e con domicilio en Ames (A Coruña), Urbanización Las Mimosas, A-12, CP 15895; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

*CLÁUSULAS*

*OBXECTO DO CONTRATO*
*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto de "APOLLO E DAPHNE", a cargo da soprano María Cristina Kiehr, o barítono Furio Zanassi e o Ensemble "Stylus Phantasticus", no sucesivo O ARTISTA, o martes 29 de novembro de 2005, ás 20,45 horas, no recinto denominado Parroquia-Santuario "María Auxiliadora". O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.*

*Este concerto inclúese na programación do FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO "ARE-MORE" 2005, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.*

*VALIDEZ*
*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluidas as do ANEXO, sempre antes do día 11 de novembro de 2005.*

*RETRIBUCION E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 30.461,72.- Euros máis 4.873,88.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 35.335,60.-Euros (trinta e cinco mil trescentos trinta e cinco euros con sesenta céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.*

*O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que se lle entregará momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

*CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de producción), publicidade e dereiros de autor.*

*PERMISOS*

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.*

*AFORO E FORMA DE ACCESO*

*SEXTA.- O acceso ao recinto de actuación será libre e gratuíta, até completar o seu aforamento.*

*IMAXE DO ARTISTA*

*SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxeto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demáis condicións de venda.*

*OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxetos.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demáis persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.*

*A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeros minutos do concerto.*

*PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.*

*PATROCINIOS*
*DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxeto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.*

*O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2005 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA e a XUNTA DE GALICIA, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respeito á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.*

*SEGURIDADE DO CONCERTO*
*DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuizo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuizo das responsabilidades que se poideran atribuir á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.*

*DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.*

*INSTALACIÓNS*
*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas da data do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.*

*SUSPENSIÓN DO CONCERTO*
*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a*

*suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

- *OFICIAL: como persoas beneficiarias do programa BIAL, serán aquelas que executen as obras acometidas en colaboración cos encargados, xefes de equipo e xefe operativo de obra, colaborando na formación laboral dos peóns, e de xeito especial, no relativo á saúde laboral e a prevención de riscos laborais; adquirindo unha maior capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.*

*Serán contratados como persoas traballadoras beneficiarias dos programas de emprego, segundo o establecido no Capítulo 1 do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-*

*2007.*

*Toda persoa candidata seleccionada deberá obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal se compromete a levar a cabo as accións formativas que o Equipo técnico considere axeitadas para favorecer a súa posterior inserción laboral. Tanto a negativa a subscribilo, como o incumprimento de dito compromiso unha vez contratada, suporá a súa exclusión do proceso selectivo ou a rescisión do contrato laboral.*

*4) PERFIL REQUIRIDO IMPRESCINDIBLE*

- *Experiencia profesional na súa categoría, preferentemente de alomenos un ano.*
- *Coñecementos teórico-prácticos na rama correspondente.*
- *Cualificación ou destreza profesional para os traballos ou obras que se lle asignen.*
- *Capacidade para desenvolver as tarefas asignadas segundo especificacións técnicas ou instrucións recibidas.*
- *Coñecementos e sensibilidade para a aplicación de boas prácticas en materia de prevención de riscos laborais.*
- *Capacidade para traballar en equipo e coordinar tarefas, e habilidades para a relación interpersoal.*
- *Sentido de responsabilidade e sensibilidade para a limpeza e mantemento na área de traballo.*
- *No caso dos oficiais condutores, terán que posuír, obrigatoriamente, os carnés de conducir C, D e E.*

*5) REQUISITOS*

- *Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a.*
- *Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado.*
- *Estar inscrito/a como demandante de emprego nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Vigo.*
- *Estar empadroado/a no Concello de Vigo, como mínimo con 3 meses de antigüidade dende a data da convocatoria.*
- *Non haber sido persoa beneficiaria dos programas municipais PROMIL ou BIAL en convocatorias anteriores.*
- *Non poderán participar na mesma quenda do BIAL dúas persoas pertencentes á mesma unidade familiar.*

*6) FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN*

*O esquema xeral que seguirá o proceso de selección, consta das seguintes fases ou etapas básicas:*

- *Convocatoria pública a través da prensa local.*
- *Recollida da documentación e comprobación dos datos aportados.*
- *Publicación da lista das persoas candidatas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, e apertura dun prazo de 10 días naturais para a presentación de alegacións, aportación de documentación e/ou subsanación de erros.*
- *Realización da proba.*
- *Solicitude de datos aos organismos competentes.*
- *Baremación das persoas candidatas admitidas ao proceso de selección conforme aos criterios de estipulados.*
- *Publicación da lista das persoas admitidas ao proceso selectivo coas puntuacións totais obtidas na baremación (concurso de méritos e valoración socioeconómica) e a proba, indicando as persoas preseleccionadas para a entrevista.*
- *Entrevista.*
- *Publicación das persoas candidatas seleccionadas.*
- *Recoñecemento médico ás persoas candidatas seleccionadas.*
- *Contratación das persoas candidatas seleccionadas.*

*7) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN*

*Dada a natureza e especiais características do Programa BIAL, o procedemento de selección terá en conta as diferentes facetas das persoas candidatas. Concretamente:*

| | |
|---|---|
| ➢ *Proba práctica* | |
| ➢ *Concurso de méritos* | |
| ➢ *Valoración socio-económica* | ➢ *Ingresos económicos*<br>➢ *Colectivos preferentes*<br>➢ *Cargas familiares* |
| ➢ *Entrevista persoal* | |

*7.1. PROBA PRÁCTICA.*

*Realizaranse probas prácticas relacionadas coas funcións a desempeñar en cada unha das especialidades a todas as persoas candidatas presentadaas aos postos de oficial.*

*O baremo para este criterio será de 1 a 4 puntos, cando a proba resulte "APTA"; no caso contrario (de ser "NON APTA") a persoa candidata será descartada para optar ao posto.*

*As probas para realizar serán deseñadas e aplicadas polo Equipo Técnico do BIAL.*

*7.2. CONCURSO DE MÉRITOS.*

*Nesta fase do proceso, valoraranse e baremaranse os criterios de experiencia laboral, formación e outros méritos, quedando o baremo como segue:*

- *Experiencia laboral directamente relacionada coa actividade a desenvolver: 0,1 puntos por mes de traballo acreditado (máximo 3,5 puntos).*
- *Formación (recibida ou impartida) directamente relacionada coa actividade a desenvolver:*

| *Horas lectivas* | *Puntuación* |
|---|---|
| *De 20 a 49* | *0.1* |
| *De 50 a 99* | *0.2* |
| *De 100 a 199* | *0.3* |
| *De 200 a 299* | *0.4* |
| *300 ou máis* | *0.5* |

*A puntuación máxima establecida para este criterio será de 1 punto.*

- *Outros méritos relacionados co desempeño do posto: ata un máximo de 0,5 puntos.*

*7.3. VALORACIÓN SOCIO-ECONÓMICA.*

*7.3.1. Ingresos económicos da unidade familiar, entendendo como tal aquelas persoas vinculadas á persoa solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento e/ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o primeiro grao, que convivan con aquela e sempre que figuren empadroadas no mesmo enderezo. Así, a situación económica familiar, puntuarase segundo a contía da renda per-cápita da unidade familiar, sempre que sexa inferior ao 80% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) vixente para cada ano. Para a quenda do 2006, os ingresos económicos baremaranse segundo a seguinte táboa:*

| *PUNTUACIÓN POR RENDA PER CÁPITA* |
|---|

| DA UNIDADE FAMILIAR NO 2004<br>% REFERIDA AO IPREM 2004 (5.526,00 €) | | |
|---|---|---|
| *Intervalo ingresos (€/ano)* | *Intervalo (%)* | *Puntuación* |
| *0,00-1.105,20* | *De 0 ata 20* | *4* |
| *1.105,21-2.210,40* | *> 20 ata 40* | *3* |
| *2.210,41-3.315,60* | *> 40 ata 60* | *2* |
| *3.315,61-4.420,80* | *> 60 ata 80* | *1* |
| *Máis de 4.420,80* | *> 80* | *0* |

*7.3.2. Colectivos preferentes. Por pertencer a algún/s dos colectivos con maiores dificultades de inserción no mercado laboral, de acordo co establecido no PME 04-07.*

*Baremaranse os colectivos segundo o seguinte cadro:*

| *Colectivo* | *Puntuación* |
|---|---|
| *Vítima de violencia doméstica (*)* | *1,0* |
| *Persoa discapacitada* | *1,0* |
| *Muller* | *0,5* |
| *Xove entre 18 e 25 anos* | *0,5* |
| *Maior de 45 anos* | *0,5* |
| *Desempregado/a de longa duración (**)* | *0,5* |

*(*) Entenderase por vítima de violencia doméstica aquela persoa que sufrira tal circunstancia dentro dos últimos tres anos, e o acredite coa denuncia correspondente ou ben a través doutro medio que determine a Comisión de Selección.*

*(**) Entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela que leve un mínimo de 1 ano de antigüidade como demandante na oficina de emprego.*

*7.3.3. Cargas familiares. Puntuaranse as cargas familiares que poida acreditar, na data da convocatoria, a persoa aspirante, segundo a táboa seguinte:*

| *Cargas familiares en 1º grao de parentesco* | *Puntuación* |
|---|---|
| *Por cada fillo/a menor de 18 anos* | *0,3* |
| *Por cada convivinte con discapacidade igual ou superior ao 65%* | *0,3* |
| *Por cada convivinte con discapacidade entre 33% e 64%* | *0,2* |
| *Por cada fillo/a entre 18 e 26 anos sen ingresos propios* | *0,1* |
| *Por cada maior de 65 anos ao seu cargo* | *0,1* |

*7.4. ENTREVISTA PERSOAL.*

*A Comisión de Selección decidirá cal é a mínima puntuación total esixida no proceso de baremación (segundo os apartados 7.1., 7.2. e 7.3.) para acceder a esta fase.*

- *Realizaráselles ás persoas candidatas que cumpran os requisitos e perfil indicados nos apartados 4) e 5) destas Bases, e nela valoraranse os aspectos actitudinais e ocupacionais de adecuación ao programa.*
- *A escala de puntuación na entrevista persoal será de 1 a 3 puntos.*
- *Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións acadadas sempre que a persoa candidata obteña a calificación de "apto", que se acadará cunha puntuación mínima de 1 punto.*
- *Sen esta calificación de apto na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.*

*8) <u>COMISIÓN DE SELECCIÓN</u>*

*A Comisión de Selección estará composta polos seguintes membros:*

- *A concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo, ou persoa en quen delegue.*
- *1 técnico/a do programa BIAL.*
- *2 técnicos/as do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeados pola concelleira.*
- *1 representante de cada unha das centrais sindicais asinantes do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.*

*A Comisión de Selección poderá designar asesores/as técnicos/as para desenvolver aquelas fases do procedemento de selección nas que o estimen necesario.*

*9) <u>PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN</u>*

- *Prazo: 10 días hábiles a partir do día seguinte á data de publicación do anuncio.*
- *Lugar de presentación: Oficinas do BIAL no Parque Central de Servizos do Concello de Vigo, A Bagunda 1 (ao carón da Igrexa de Santa Cristina), 36205 Vigo.*
- *Horario de entrega: de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.*
- *Documentación a entregar:*
  - ✓ *Impreso de solicitude debidamente cuberto e asinado, coa declaración xurada de que todos os datos aportados se corresponden coa súa realidade persoal e familiar.*
  - ✓ *Autorizacións ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo (segundo modelo que se facilitará), debidamente cumprimentadas e asinadas pola persoa candidata e por cada membro maior de 16 anos da unidade familiar, para poder solicitar información socio-económica e laboral aos organismos competentes, como son por exemplo:*
    - *A Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria,*
    - *A Tesourería Xeral da Seguridade Social,*
    - *O Instituto Nacional da Seguridade Social,*
    - *O Instituto Nacional de Emprego,*
    - *A Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais,*
    - *Entidades de carácter social.*
  - ✓ *Fotocopias validadas dos DNI da persoa aspirante e de cada un dos membros da unidade familiar. No caso dos menores que non o posúan, presentaranse fotocopias validadas do Libro de familia. Nos casos en que proceda, fotocopia validada do Certificado de Parella de Feito. No caso de estranxeiros, fotocopias validadas da tarxeta de residencia e de traballo.*
  - ✓ *Fotocopia validada da tarxeta de demanda de emprego actualizada da persoa aspirante.*
  - ✓ *Fotocopia validada da denuncia correspondente, ou doutro medio que acredite, no seu caso, a condición de vítima de violencia doméstica.*
  - ✓ *Fotocopia validada do informe de discapacidade e/ou incapacidade, emitido polas entidades competentes, nos casos en que proceda e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%.*

*Ademáis da documentación ata agora citada e de acordo cos criterios de baremación específicos expostos, tamén se precisa a seguinte documentación:*

1. *Curriculum actualizado.*

2. *Para acreditar a experiencia laboral e a formación impartida presentaranse fotocopias validadas de contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións, con indicación do número de horas impartidas.*

3. *Para acreditar a formación recibida presentaranse fotocopias validadas do diploma do centro/entidade de impartición, que deberá indicar o número de horas recibidas.*

*Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.*

*Validación da documentación:*

*A validación, que únicamente servirá para este proceso selectivo, realizarase presentando orixinal e fotocopia do documento para validar en calquera dos seguintes lugares:*

- *Dependencias do Programa BIAL, no Parque Central de Servizos do Concello de Vigo sito na rúa Bagunda, nº 1.*
- *Dependencias do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, na 4ª planta da Casa do Concello.*

➢ *Máis información: Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias indicadas no punto anterior (Validación de documentación), así como na páxina web http://emprego.vigo.org.*

*Poderanse aclarar dúbidas no teléfono 986263 068 (en horario de 09:00 a 14:00 horas) ou nas dependencias do Programa BIAL sito no enderezo: rúa Bagunda, nº 1 (ao carón da Igrexa de Sta. Cristina-Lavadores).*

**15(1470).- BASES DO CONCURSO "VENTE COS REIS MAGOS 2006". EXPTE. 1669/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 25.10.05, conformado polo concelleiro de Festas e Animación sociocultural e polo asesor xurídico do Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases, que de seguido se transcriben, correspondentes ao concurso "Vente cos Reis Magos 2006", e que ten por obxecto seleccionar a trinta e seis nenos/as para acompañar ós Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2006.

*BASES DO CONCURSO*

*"VENTE COS REIS MAGOS 2006"*

1. *O obxecto deste concurso é seleccionar a trinta e seis nenos/as para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis 2006, que terá lugar na nosa cidade o vindeiro día 5 de xaneiro. Os nenos/as serán repartidos en grupos de doce nas tres carrozas reais.*

2. *Neste concurso poderán participar tódolos nenos e nenas da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 1993 e o 31 de decembro de 1997, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.*

3. *Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller nas entidades socioculturais visitadas polo Carteiro Real ou na oficiña de Información da lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por neno/a, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis de un.*

4. *As inscricións depositaranse nun buzón colocado na lonxa da Casa do Concello ou no que levará ó Carteiro Real nas súas visitas. O prazo de inscrición comezará o día 15 de decembro e finalizará ás 20’00 horas do día 28 de decembro.*

5. *O día 29 de decembro, ás 12'00 horas, realizarase o sorteo correspondente en acto público, na Casa do Concello.*

6. *No sorteo, ademais dos trinta e seis nenos/as seleccionados/as, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.*

7. *Os pais, nais ou titores dos nenos e nenas agraciados no sorteo deberán, trala comunicación da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, asinar a pertinente autorización e acreditar a data de nacemento do neno/a (fotocopia do libro de familia ou DNI do/a menor). De ser o caso, poderán asinar unha renuncia.*

8. *O Concello de Vigo ofreceralles ós nenos e nenas seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.*

9. *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.*

**16(1471).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE NOVEMBRO.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Intervención Xeral do 31.10.05, conformado polo interventor xeral acctal., a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan, para incluír na nómina do mes de novembro de 2005.

| FUNCIONAL | SERVIZO | IMPORTE |
|---|---|---|
| 1210 | Conserxeria | 1.523,20 |
| 1212 | Parque Móbil | 266,39 |
| 1216 | Patrimonio | 166,26 |
| 2220 | Seguridade | 1.088,02 |
| 3130 | Benestar Social | 34,68 |
| 4130 | Sanidade | 116,45 |
| 4220 | Educación | 494,67 |
| 4430 | Cemiterios | 141,61 |
| 4513 | Museos | 57,12 |
| 4631 | Participación Ciudadá | 360,61 |
| 5110 | Vías e Obras | 3.067,01 |
| TOTAL | | 7.316,02 |

**17(1472).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

| NOME | O.PAGO | IMPORTE | XUSTIFIC. | REINTEG | S/FAVOR |
|---|---|---|---|---|---|
| ALONSO FERRAGUD SANTIAGO | 0545876 | 5.000,00 | 3.585,68 | 1.414,32 | |
| “ | 0546017 | 310,00 | 300,00 | 10,00 | |
| “ | 0543619 | 130,00 | 120,00 | 10,00 | |
| ALVAREZ SOAJE BELEN | 0537361 | 425,50 | 425,20 | 0,30 | |
| BALLESTA DE DIEGO JOSE | 0530974 | 600,00 | 600,00 | | |
| BOUZAS ALVAREZ ANTON | 0528939 | 500,00 | 500,00 | | |
| CABRERA RIANDE JORGE | 0537384 | 300,00 | 299,90 | 0,10 | |
| CID GONZALEZ RAMON | 0540559 | 169,44 | 148,19 | 21,25 | |
| “ | 0540560 | 13.82 | 13,82 | | |
| DIAZ DE BUSTAMANTE MARIA PILAR | 0528981 | 300,00 | 156,32 | 143,68 | |
| “ | 0528964 | 200,00 | 138,07 | 61,93 | |
| NOME | O.PAGO | IMPORTE | XUSTIFIC. | REINTEG | S/FAVOR |
| DOMINGUEZ ALONSO FRANCISCO | 0544857 | 13,82 | 13,82 | | |
| “ | 0544856 | 131,24 | 131,24 | | |
| EGEA TORRON PILAR | 0543603 | 18,33 | 18,33 | | |
| “ | 0543602 | 465,44 | 420,24 | 45,20 | |
| ESCARIZ COUSO ALBERTO | 0546520 | 57,20 | 57,20 | | |
| FERNANDEZ BESADA MARIA DOLORES | 0531003 | 600,00 | 600,00 | | |
| FERNANDEZ RIOBO JESUS MIGUEL | 0537518 | 2.512,00 | 2.609,80 | | 97,80 |
| GARRIDO RODRIGUEZ JOSE | 0540557 | 13,82 | 13,82 | | |
| “ | 0540558 | 119,44 | 119,44 | | |
| GOMEZ JANEIRO MARIA | 0543489 | 45,91 | 45,91 | | |
| GONZALEZ ALONSO MARIA DOLORES | 0521260 | 400,00 | 376,80 | 23,20 | |
| GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA | 0533262 | 676.987,92 | 674.905,73 | 2.082,19 | |
| GUTIERREZ ORUE FRANCISCO JAVIER | 0533808 | 1.500,00 | 1.528,27 | | 28,27 |
| IGLESIAS VAZQUEZ MARIA CARMEN | 0526996 | 1.000,00 | 998,78 | 1,22 | |
| LOPEZ CUESTA ISABEL | 0535266 | 28.000,00 | 28.000,00 | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS | 0512272 | 314,33 | 314,33 | | |
| “ | 0512271 | 1.782,81 | 1.633,99 | 148,82 | |
| NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS | 0517890 | 601,01 | 562,91 | 38,10 | |
| ROCHA PARAMES CESAREO | 0540528 | 300,00 | 303,52 | | 3,52 |
| RODRIGUEZ REY ALBERTO | 0535085 | 19.000,00 | 19.000,00 | | |
| SANLUIS COSTAS AVELINO | 0525919 | 800,00 | 301,38 | 498,62 | |
| VAZQUEZ MARTINEZ JULIO MANUEL | 0543498 | 468,00 | 461,00 | 7,00 | |
| “ | 0543504 | 323,34 | 323,34 | | |
| TOTAL | | | 739.027,03 | | |

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. FIGUEROA VILA.

**18(1473).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR POR CONTAMINACIÓN ACÚSTICA CONTRA O ESTABLECEMENTO DENOMINADO “NEMOMANÍA, S. L.”, SITO NA RÚA AREAL Nº 20, BAIXO, DE VIGO. EXPTE. 3299/306/2005.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da instructora do procedemento sancionador de referencia, do Servizo de Medio Ambiente, de data 28.10.05, que di o seguinte:

*Segundo o previsto no artigo 19.3 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, a instructora do procedemento cursa ó órgano competente para resolver, sendo éste a Xunta de Goberno Local, a Proposta de Resolución do procedemento sancionador nº 3299/306/2005, xunto cos documentos, alegacións e informacións que obran no mesmo.*

*ACORDO RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO SANCIONADOR ORDINARIO*

*Visto o expediente sancionador núm. 3299/306/2005, resultan relevantes os seguintes*

*FEITOS:*

*1.- A instancia de Don Germán Arteta Torres, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 24 de marzo de 2005, entre as 01:35 e 01:50 horas, no dormitorio da vivenda do denunciante (segundo manifestou o axente nº 355 á instructora do procedemento na comparecencia de data 08/09/2005), sita na rúa Areal núm. 20- piso 2º, no que se identificou a natureza da fonte do ruido de “música”, sendo o foco emisor o local denominado “Pub Nemo”, sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 10,06 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo.*
*Os axentes actuantes manifestaron que non existía outra fonte de ruidos próxima que puidese influír no resultado da medición de 24/03/2005. Así, consta no parte de medición que “no influyen en la medición otros locales próximos” e, no parte de servizo que “la circulación y afluencia de gente en la vía pública en el momento de la medición era escasa y no influía en el resultado”.*

*2.- A instancia de Dona Juana Nuño Blanco, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con* *<u>data 25 de marzo de 2005</u>, entre as 03:25 e 03:40 horas, na vivenda da denunciante, sita na rúa Areal núm. 20- piso 1º, no que se identificou a natureza da fonte do ruido de "aparato reproductor de música", sendo o foco emisor o local denominado " Pub Nemo", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 14,6 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo.*

*3.- Por dilixencia de data 05 de abril de 2005, o Técnico Supervisor do Servizo de Medio Ambiente remite o expediente administrativo nº 3299/306/2005 á Asesora Xurídica para que proceda á incoación do procedemento sancionador por contaminación acústica contra o local Nemo.*

*4.- Con data 13 de abril de 2005, a Asesora Xurídica solicita ó Técnico Supervisor diversos informes.*

*5.-Con rexistro de entrada de data 12 de abril de 2005, documento nº 50053235, a entidade mercantil "Nemomanía,S.L" solicitaba á realización dunha medición sonométrica de contraste no local "NEMO".*

*6.- Con data 26 de abril de 2005, o Técnico Supervisor de Medio Ambiente solicita á oficina de licenzas de actividades e instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo informe sobre se o establecemento denominado "NEMO", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, posúe licenza de actividade e, de se-lo caso,*
*informen sobre a identidade do titular da mesma, co obxecto de proceder a incoar procedemento sancionador.*

*7.- Con data 26 de abril de 2005, rexistro de saída nº 5774, o Servizo de Medio Ambiente solicita ó denunciante, D. Germán Arteta Torres, autorización para realizar desde a súa vivenda unha medición de contraste, tal e como solicitara a entidade "Nemomanía, S.L".*

*8.- A instancia de Dona Juana Nuño Blanco, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con <u>data 24 de abril de 2005,</u> entre as 02:30 e 02:45 horas, no dormitorio da vivenda da denunciante, sita na rúa Areal núm. 20-piso 1º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruidos de "música", sendo o foco emisor o local denominado "Nemo", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 18 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo.*

*9.- A instancia de Don Germán Arteta Torres, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con <u>data 24 de abril de 2005,</u> entre as 02:15 e 02:30 horas, no dormitorio da vivenda do denunciante, sita na rúa Areal núm 20-piso 2º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruidos de "música", sendo o foco emisor o local denominado "Nemo", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 10,86 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo.*
*No parte de servizo de data 24 de abril de 2005 (obrante no folio nº 17 do expte admtvo), os axentes da policía local actuantes manifestaban "...que el local más cercano denominado Garaje Torroso estaba cerrado". Os axentes da policía local informan, en dito parte, sobre a "NEGATIVA REITERADA" do responsable do local , don Fabián Torres Figueroa, a apagar a música do seu local Nemomanía tal e como se lle ordenou, en dúas ocasións, polos axentes co obxecto de poder medir e así comprobar si existía ruido de fondo.*

*10.- O día 28 de abril de 2005 o xefe da oficina de administrativa de licenzas municipais de actividades e instalacións informaba que "...con data 14/03/2005 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de actividades e instalacións para pub con música (café bar con música sen pista de baile) a favor da sociedade Nemomanía, S.L (exp. 27.190/422)".*

*11.- A instancia de Dona Juana Nuño Blanco, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con <u>data 30 de abril de 2005,</u> entre as 03:15 e 03:40 horas, no dormitorio da vivenda da denunciante, sita na rúa Areal núm. 20-*

*piso 1º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruídos de "música disco", sendo o  foco emisor o local denominado "Nemo", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 21 dB(A) o nivel máximo de ruidos permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo. No parte de medición de ruidos os axentes actuantes manifestan que "...se localiza el foco emisor de ruidos en el bajo del inmueble objeto de la medición oyéndose nitidamente el murmullo de la gente así como la vibración del piso".*

*12.- Por dilixencia de data 12 de maio de 2005, o Técnico Supervisor de Medio ambiente volve a remitir o expediente administrativo nº 3299/306/2005 á Asesora Xurídica, para proceder á incoación do procedemento sancionador por contaminación acústica contra o local Nemo e, no seu caso, impoñer a sanción que corresponda.*

*13.- Con data 20 de maio de 2005, o Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente presentou escrito absténdose de intervir no procedemento administrativo sancionador nº 3299/306/2005, por estar incurso no motivo de abstención previsto no apartado 2.b) do artigo 28 da L.R.X.P.A.C 30/1992, de 26 de novembro.*

*14.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 13 de xuño de 2005, acordou incoar o procedemento sancionador núm. 3299/306/2005 contra a entidade "Nemomanía, S.L" pola presunta comisión de tres infraccións graves ( medicións de 24/03/2005, 25/03/2005, 24/04/2005 piso 2º) e dúas moi graves (24/04/2005 piso 1º, 30/04/2005) en materia de protección contra a contaminación acústica segundo exposto nos artigos 40.a) e 41.a) da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións, publicada no B.O.P núm. 198, de 16 de outubro de 2000. Dito acordo notificouse tanto ós denunciantes como ó denunciado, segundo consta no expediente administrativo.*

*15.- A instancia de Dona Juana Nuño Blanco, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 25 de xuño de 2005, entre as 04:05 e 04:20 horas, no dormitorio da vivenda da denunciante, sita na rúa Areal núm. 20-piso 1º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruídos de "música", sendo o foco emisor o local denominado "Nemo", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 21,3 dB(A) o nivel máximo de ruidos permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo.*

*16.- Con rexistro de entrada de data 01 de xullo de 2005, documento núm 50.137.291, Don Fabián Torres Figueroa, actuando en representación da sociedade "Nemomanía, S.L", dirixe ó Servizo de Medio Ambiente  escrito de alegacións con relación á medición efectuada pola policía local en data 25 de xuño de 2005.*

*17.- A instancia de Don Germán Arteta Torres, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 03 de xullo de 2005, entre as 04:00 e 04:30 horas, no dormitorio da vivenda do denunciante, sita na rúa Areal núm 20-piso 2º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruidos de "música", sendo o foco emisor o local denominado "Nemo", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 06,6 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo.*
*Debe sinalarse que a medición de data 03 de xullo de 2005 mide tamén o ruido de fondo coa actividade do local Nemo paralizada, posto que o responsable do local colaborou apagando a música do seu local, segundo consta no parte de servizo da policía local anexo á medición.*

*18.- Con rexistro de entrada de data 15  e 18 de xullo de 2005, documentos núms. 50.143.034 e 50.143.489, Don Cesar López-Gil Otero, actuando en representación de Don Germán Arteta Torres, Dona Juana Nuño Blanco e Dona María Trinidad Riveiro López-Niño, presentou escrito de alegacións no expediente sancionador núm. 3299/306/2005.*
*En síntese, alegan:*

- *Que trala incoación do procedemento sancionador nº 3299/306 en data 13/06/2005, a contaminación acústica orixinada polo local "Nemo" continúo, tal e como consta nas medicións de datas 17/18 e 25 de xuño e 3 de xullo de 2005.*
- *Que posto que a policía local non realizou as medicións correspondentes ós fins de semana do mes de maio, alegando a existencia de suficientes medicións no expediente nº 3299/306 e saturación de traballo, e por ser o ruido insoportable, o Valedor do Cidadán, en resposta ás denuncias dos veciños, encargou medicións á empresa homologada "G.O.C, S.A".*
- *Vulneración dos seguintes dereitos fundamentais: Dereito á integridade física e moral (art. 15 C.E), do dereito á intimidade e á inviolabilidade do domicilio (art.18 C.E), do dereito á protección da saúde (art. 43 C.E) e de disfrutar dun medio ambiente adecuado (art. 45 C.E).*

*Don Cesar López-Gil Otero achegou diversa documentación entre a que destaca:*

- *Poder Notarial para representación.*
- *Informe realizado pola empresa homologada "G.O.C, S.A", a petición do Valedor do Cidadán, Don Luis Espada Recarey, relativo á avaliación acústica dos niveis sonoros de inmisión, inducidos pola actividade do local de ocio "Nemo", nas vivendas sitas na rúa Areal núm. 20, pisos 1º e 2º.*
- *Parte médico de consulta emitido pola Dra. Marina Fernández Ferreiro.*
- *Certificado médico emitido pola Dra. Teresa Díaz Cabado.*
- *Informe médico emitido polo Dr. Enrique Fluiters Casado.*

*19.- Con rexistro de entrada de data 28 de xullo de 2005, documento núm 50.147.034, Don Fabián Torres Figueroa, actuando en representación da sociedade "Nemomanía, S.L", presentou escrito de alegacións que fundamenta en:*

- *Alega que polo mero feito de conta-lo local "Nemomanía" con licenza de actividade, concedida pola Xunta de Goberno Local en data 14/03/2005, non é posible que o ruido constatado nas cinco medicións sonométricas que serviron de base para incoa-lo procedemento sancionador nº 3299/306 proceda do seu local.*
- *Alega a obrigatoriedade que teñen os axentes da policía local de medi-lo ruido de fondo ó realiza-las medicións sonométricas.*
- *Alega que a contaminación acústica que se lle imputa ó local "Nemomanía" non deriva deste, senón, segundo o alegante, dos mais de trece locais existentes na zona que funcionan sen a correspondente licenza municipal de actividade, como por exemplo cita ó colindante local de ocio denominado "Garaxe Torroso".*
- *Alega que os partes sonométricos que serviron de base para incoa-lo procedemento nº 3299/306 recollen meras opinións subxectivas dos axentes da policía local e tamén datos erróneos, "como lo es responsabilizar al local de mi representada del resultado sonométrico reflejado en el parte de 30 de abril de 2005, entre las 03:15 y las 03:40 horas..., cuando en esa fecha y a esa hora el local de mi representada se encontraba cerrado al público....".*
- *Cualifica de simples opinións e conxecturas ós partes de medición realizados polos axentes da policía local fronte á presunción de veracidade da que, "dí", gozan os informes emitidos pola empresa homologada "Virocem, S.L".*
- *Denuncia o acoso ó que está sometido o local "Nemo" que "dí" estar orixinado polos veciños e por algúns membros da policía local.*
- *Cuestiona a actuación da policía local que cualifica de "acoso", "irrazonables actuaciones", "persecución", chegando a solicitar unha investigación desta Administración por realizarse algunhas medicións por axentes vestidos de paisano o que "dice" ser manifestamente ilegal.*
- *Sorpréndelle a dispoñibilidade dos axentes da policía local ante as continúas solicitudes de medicións dos veciños.*
- *Alega que "unicamente por medio de la práctica de una medición de contraste, en las oportunas condiciones de contradicción entre las partes y sin influencia de otros locales, se podría pretender que el local Nemo sea fuente*

*del nivel de ruidos superior al permitido por la Ordenanza", por lo que solicita en proba a práctica desa medición de contraste e que se constate pola policía a existencia de precinto ó equipo de música para 75 dB(A).*

*20.- Con data 29 de xullo e 23 de agosto de 2005, a instructora do procedemento sancionador solicita diversos informes á Xerencia de Urbanismo (á oficina de licenzas de actividades e disciplina urbanística).*

*21.- Con data 02 de agosto de 2005, o Sr.Xefe da oficina administrativa de licenzas de actividades informaba que a licenza de actividade e instalación concedida a "Nemomanía, S.L", por acordo da Xunta de Goberno Local na data 14/03/2005 (exp.27190/422), ten sido recorrida por diversos recursos de reposición e ata "a data de hoxe os recursos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/03/2005, non foron resoltos expresamente".*

*22.- Con rexistro de entrada de data 05 de agosto de 2005, documento núm 50.149.929, Don Fabián Torres Figueroa, actuando en representación da sociedade "Nemomanía, S.L", reitera escrito de alegacións nos mesmos termos que o presentado en data 28/07/2005 (doc 50.147.034).*

*23.- Con datas 24/05/2005, 22/06/05, 27/06/05 e 02/08/05 o Valedor do Cidadán solicita ó servizo de medio ambiente informe sobre a actuación municipal con relación ó local de ocio Nemo, e con data 27/06/2005 o Valedor informa que "resulta irrebatible o incumprimento da Ordenanza Municipal de Protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións" á vista das medicións efectuadas pola entidade homologada "G.O.C, S.A".*

*24.- Con data 22 de agosto de 2005, a instructora incorpora ó procedemento sancionador diversa documentación, entre a que destaca copia dos distintos recursos de reposición interpostos por Don Germán Arteta Torres, Dona Juana Nuño, Dona María Trinidad Riveiro e Don José Luis Acuña contra a licenza de actividade de 14/03/2005.*

*25.- Con data 23 de agosto de 2005, a instructora do procedemento sancionador resposta ó Valedor do Cidadán.*

*26.- Con data 23 de agosto de 2005, a Técnica da Admón. Xeral de Disciplina Urbanística informaba nos seguintes termos " ... en relación ao local sito na rúa Areal nº 18-baixo, consta que, con data 10 de marzo de 2005, o Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, ordenou a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística a D.Javier Calleja Cameselle pola actividade que viña desenvolvendo no Garaxe Torroso, adicado a actividade de café bar con música sen se axustar á licenza municipal e, xa que logo ordenou a suspensión da actividade no local....Con data 22/03/05 o interesado presenta escrito de alegacións e, o 1 de abril de 2005, interpón recurso de reposición contra a suspensión da actividade.*
*O Vicepresidente da Xerencia, o 18/04/2005, resolve desestimar o mencionado recurso e denegar a solicitude de suspensión da execución resolución recorrida".*

*27.- Con data 06 de setembro de 2005, o Sr. Xefe da Oficina Administrativa de licenzas de actividades informaba con relación ós locais colindantes ó "Nemomanía", sito en Areal nº 20-baixo, que no nº 22 da rúa Areal atópase o local "Bocatas Tus" que posúe licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de restaurante (exp. 20606/422), e no nº 18 da rúa Areal atópase o café bar con música "Garaxe Torroso" que conta con licenza municipal de actividade para café bar con música, non obstante, informa que con data 10 de marzo de 2005, o Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, ordenaba a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística (exp. 12977/423) a D.Javier Calleja Cameselle pola actividade que viña desenvolvendo no Garaxe Torroso, adicado a actividade de café bar con música sen se axustar á licenza municipal e, xa que logo, ordenou a inmediata suspensión da actividade no referido local.*

*28.- Con data 08 de setembro de 2005, comparecen ante a instructora do procedemento sancionador os axentes da policía local nº 214 e 355, que realizaron as medicións de datas 24 de marzo (Ax. nº 355) e 24 e 30 de abril de 2005 (Ax. nº 214), co obxecto de respostar ás preguntas que lles formulou a instructora. Transcríbese copia da ACTA DE COMPARECENCIA:*

*“........Sendo as 12:45 horas do día 08 de setembro de 2005, comparecen no Servizo de Medio Ambiente ante a instructora do expediente sancionador referido, Dª Rosa Ana Garcinuño Barreiro, os axentes da policía local, Don Manuel Vieitez Vieitez (con carné profesional nº 214) e Don Javier Castaneda Expósito (con carné profesional nº 355).*

*PREGUNTAS QUE FORMULA A INSTRUCTORA Ó AXENTE Nº 355 E RESPOSTAS DESTE:*
*1.- ¿Realizou vostede xunto co axente nº 424 o día 24 de marzo de 2005 a medición sonométrica, que obra no folio 1 do expediente administrativo nº 3299/306/2005, desde a vivenda de don Germán Arteta Torres, ubicada no piso 2º do inmoble nº 20 da rúa Areal? Si, medimos no dormitorio da referida vivenda co resultado que consta na medición.*
*2.- No parte de medición sonométrica de 24/03/2005, din expresamente que “non influyen en la medición otros locales próximos”, ¿é así? Si. Cando realizamos a medición o 24 de marzo non existía ruido de fondo que puidese contaminar a mesma. O tráfico da rúa Areal era moi escaso e tan só había unhas cinco persoas, aproximadamente, nas inmediacións do local Nemomanía. A única música que se escoitaba procedía do Nemo.*
*3.-¿ Hai locales colindantes? Si, pero non influíron na medición. No núm 22 da rúa Areal atópase a “bocatería Tus”, que desenvolve a actividade de bocatería sen producir contaminación acústica, e no núm. 18, o “Garaxe Torroso”, que con data 24/03/2005 atopábase pechado ó público sen exercer actividade.*
*4.- ¿Vostede e mais o axente núm 424 realizaron a medición sonométrica citada vestidos de uniforme regulamentario ou de paisano? Fomos de uniforme pois sempre traballamos así, non obstante, existen axentes dentro da policía local que pertencen ás patrullas de paisano.*

*PREGUNTAS QUE FORMULA A INSTRUCTORA Ó AXENTE Nº 214 E RESPOSTAS DESTE:*
*1.- ¿Realizou os días 24 e 30 de abril de 2005 as tres medicións sonométricas, que obran no expediente administrativo nº 3299/306/2005, desde as vivendas de dona Juana Nuño Blanco e don Germán Arteta Torres, ubicadas no pisos 1º e 2º do inmoble nº 20 da rúa Areal? Si, o día 24 de abril medimos nas dúas vivendas e o día 30 de abril no piso 1 de don Juana Nuño.*
*2.- ¿ Existía ruido de fondo provocado polo tráfico, a xente ou outros locais, que puidese influír nestas tres medicións? Cando realizamos as tres medicións non existía ruido de fondo que puidese contaminar as mesmas. O tráfico da rúa Areal era moi escaso, había pouca xente pola rúa e a música que se escoitaba procedía do Nemo.*
*3.-¿ Hai locales colindantes? Si, pero non influíron nas medicións. No núm 22 da rúa Areal atópase a “bocatería Tus”, que desenvolve a actividade de bocatería sen producir contaminación acústica, e no núm. 18, o “Garaxe Torroso”, que con datas 24/04/2005 e 30/04/2005 atopábase pechado sen exercer actividade.*
*4.- ¿ Pertence a patrulla de paisano? Si, sempre traballo vestido de paisano. Estou autorizado pola Xefatura.*
*5.- Don Fabián Torres Figueroa, representante do local Nemomanía , alega que que con data 30 de abril de 2005, entre as 03:15 e as 03:40 horas, o local Nemo estaba pechado ó público, motivo polo que o ruido non podía proceder do seu local, ¿é certo? Non. Cando se realizou a medición o día 30 de abril, entre as 03:15 e as 03:40 horas, o local*
*Nemo estaba aberto ó público, en funcionamento e cun alto nivel de ruido. Así se reflexa na referida medición por canto excedía en 21 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola Ordenanza Municipal. Era tal o ruido, que desde o piso 1º escoitábase nitidamente o murmullo da xente existente no local e ademais puiden comprobar que o piso de Dona Juana Nuño vibraba...”*

*29.- A instancia de Dona María Trinidad Riveiro López Niño, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 11 de setembro de 2005, entre as 03:00 e 03:30 horas, no dormitorio da vivenda da*

*denunciante, sita na rúa Areal núm. 20- piso 2º, no que se identificou a natureza da fonte do ruido de "música", sendo o foco emisor o local denominado "Pub Nemo", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 09,3 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo. Os axentes actuantes manifestaron que non existía outra fonte de ruidos próxima que puidese influír no resultado da medición de 11/09/2005 e dín "el local más próximo al denunciado se encuentra cerrado".*

*30.- Con data 09 de setembro de 2005 a instructora do procedemento formula proposta de resolución que é notificada ó denunciado o 19 de setembro de 2005 e ós denunciantes o 27 de setembro de 2005.*

*31.- Con rexistro de entrada de data 03 de outubro de 2005, documento núm 50.167.336, a entidade mercantil "Nemomanía, S.L" solicita a presencia da policía local no seu local o día 04/10/2005, ás 09.30 horas, para verificar a correcta realización dunha medición sonométrica por empresa homologada.*

*32.- A instancia de Don Germán Arteta Torres, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 18 de setembro de 2005, entre as 03:30 e 03:45 horas, no dormitorio da vivenda da denunciante, sita na rúa Areal núm. 20- piso 2º, no que se identificou a natureza da fonte do ruido de "música", sendo o foco emisor o local denominado "Pub Nemo", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 09,53 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo. Os axentes actuantes manifestaron que non existía outra fonte de ruidos próxima que puidese influír no resultado da medición de 18/09/2005 e dín expresamente que o local anexo ó denunciado -Torroso- atopábase pechado.*
*A POLICÍA LOCAL INFORMA NO PARTE DE SERVIZO DE 18/09/2005, ANEXO Á MEDICIÓN, QUE ORDENOU Ó RESPONSABLE DO LOCAL CESAR A MÚSICA PARA PROCEDER Á REALIZAR A MEDICIÓN DO RUIDO DE FONDO, E ANTE A NEGATIVA DO RESPONSABLE DO LOCAL SE LLE INFORMOU QUE POR TAL DESOBEDIENCIA DARÍASE CONTA Ó XULGADO.*

*33.- A instancia de Dona Juana Nuño Blanco, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 25 de setembro de 2005, no dormitorio da vivenda da denunciante, sita na rúa Areal núm. 20- piso 1º, no que se identificou a natureza da fonte do ruido de "música disco", sendo o foco emisor o local denominado "Pub Nemo", sito na rúa Areal núm. 20-baixo, superando en 12 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo. Os axentes actuantes manifestaron que non existía outra fonte de ruidos próxima que puidese influír no resultado da medición de 25/09/2005 e dín expresamente que o local anexo ó denunciado -Torroso- atopábase pechado.*

*34.- Con rexistro de entrada de data 06 de outubro de 2005, documento núm 50.169.121, Don Fabián Torres Figueroa, actuando en representación da sociedade "Nemomanía, S.L", presentou escrito de alegacións á proposta de resolución xunto con documentación varia.*

*35.- Con rexistro de entrada de data 14 de outubro de 2005, documento núm 50.171.706, Don Cesar López-Gil Otero, actuando en representación dos denunciantes, presentou escrito de alegacións á proposta de resolución.*

*A estes feitos sonlle de aplicación os seguintes,*

*<u>FUNDAMENTOS DE DEREITO,</u>*

*1.- Considéranse probados os seguintes feitos:*

*A superación do nivel máximo de ruidos permitidos pola vixente Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións, publicada no B.O.P núm. 198, de*

*16 de outubro de 2000, polo café bar con música sen pista de baile denominado "NEMOMANÍA, S.L", sito no baixo do inmoble número 20 da rúa Areal, de Vigo, nas seguintes datas:*

- *Queda probado que con data 24 de marzo de 2005, entre as 01:35 e 01:50 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 10,06 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de D.Germán Arteta Torres, sita no piso 2º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro "Bruel&Kjaer nº serie 2015128-nº 01", que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción grave segundo os artigos 14.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 40.a) da Ordenanza Municipal.*

- *Queda probado que con data 25 de marzo de 2005, entre as 03:25 e 03:40 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 14,6 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de Dª Juana Nuño Blanco, sita no piso 1º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro "Bruel&Kjaer nº serie 2015136-nº 02", que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción grave segundo os artigos 14.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 40.a) da Ordenanza Municipal.*

- *Queda probado que con data 24 de abril de 2005, entre as 02:30 e 02:45 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 18 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de Dª Juana Nuño Blanco, sita no piso 1º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro "Bruel&Kjaer nº serie 2015128-nº 01", que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción moi grave segundo os artigos 15.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 41.a) da Ordenanza Municipal.*

- *Queda probado que con data 24 de abril de 2005, entre as 02:15 e 02:30 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 10,86 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de D.Germán Arteta Torres, sita no piso 2º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro "Bruel&Kjaer nº serie 2015128-nº 01", que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción grave segundo os artigos 14.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 40.a) da Ordenanza Municipal.*

- *Queda probado que con data 30 de abril de 2005, entre as 03:15 e 03:40 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 21 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de Dª Juana Nuño Blanco, sita no piso 1º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro "Bruel&Kjaer nº serie 2015136-nº 02", que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción moi grave segundo os artigos 15.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 41.a) da Ordenanza Municipal.*

*2.- Das cinco mencionadas infraccións resulta responsable a entidade "NEMOMANÍA, S.L", con CIF nº B-36.925.030, sita no baixo do inmoble número 20 da rúa Areal, de Vigo, titular da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de pub con música (café bar con música sen pista de baile- exp. 27190/422).*

*3.- As alegacións que con rexistro de entrada de data 28 de xullo de 2005, documento núm 50.147.034, e 06 de outubro de 2005, documento núm 50.169.121, Don Fabián Torres Figueroa, actuando en representación da*

*sociedade "Nemomanía, S.L", presentaba no procedemento sancionador nº 3299/306 non desvirtúan os feitos expostos nin que as infraccións que recollen os partes de medicións antes citados non se producisen, non pudendo ser estimadas polos seguintes MOTIVOS:*

*A) <u>Alega a entidade denunciada, que polo mero feito de contar o local "Nemomanía" con licenza de actividade, concedida pola Xunta de Goberno Local en data 14/03/2005, non é posible que o ruido, constatado nas cinco medicións sonométricas que serviron de base para incoa-lo procedemento sancionador nº 3299/306, proceda deste local.</u>*

*Esta alegación non pode ser estimada por canto ós dez días de concederse a licenza de actividade ó local Nemomanía, sito no baixo do nº 20 da rúa Areal, comezan os problemas de ruido, así a primeira infracción cométese o día 24 de marzo de 2005.*
*A partir da apertura do local Nemomanía son continuas as denuncias dos veciños residentes no nº 20 da rúa Areal, denuncias acompañadas das conseguintes medicións sonométricas realizadas pola Policía local, todas cun resultado positivo, sendo a última medición de data 25 de setembro de 2005.*
*O feito de posuír o local licenza de actividade non o exime de responsabilidade. Precisamente por contar o local de ocio "Nemomanía" con licenza de actividade, este procedemento sancionador tramitouse no Servizo de Medio Ambiente e non no de Disciplina Urbanística, segundo o previsto no punto 4.a) do Manual de Procedementos do Concello de Vigo (páx. 13 do B.O.P de 16/18/2000).*
*Asemade, a licenza de actividade de data 14/03/2005 ten sido recorrida en vía administrativa polos denunciantes, existindo na actualidade recurso contencioso-administrativo que se tramita ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.*
*Durante a tramitación do procedemento sancionador nº 3299/306/2005 constatouse que o local Nemo, de "modo continuo e reiterado", superaba os niveis de ruido permitidos. Neste procedemento tan so sanciónanse as cinco infraccións citadas no fdto de dto 1º, pero debe destacarse que ó longo da tramitación incorporáronse novas medicións positivas.*
*Así, con data 25/06/2005, desde o piso 1º do núm. 20 da rúa Areal, constatouse a superación do nivel de ruido permitido en 21,3 dB(A); con data 03/07/2005, desde o piso 2º, constatouse a superación do nivel de ruido permitido en 06,6 dB(A); con data 11/09/2005, desde o piso 2º, constatouse a superación do nivel de ruido permitido en 09,3 dB(A); con data 18/09/2005, desde o piso 2º, constatouse a superación do nivel de ruido permitido en 09,53 dB(A) e con data 25/09/2005, desde o piso 1º, constatouse a superación do nivel de ruido permitido en 12 dB(A).*
*Asemade, destacar que xusto cando comezan os problemas de ruido, o local de música colindante ó denunciado, sito no nº 18 da rúa Areal denominado "Garaxe Torroso", cesara na súa actividade posto que por Resolución de data 10/03/2005 se lle incoara procedemento de protección da legalidade urbanística (exp.adm. nº 12977/423) ordenándoselle a suspensión inmediata da súa actividade.*

*B) <u>Alega a obrigatoriedade que teñen os axentes da Policía local de medi-lo ruido de fondo ó realiza-las medicións sonométricas.</u>*

*As cinco medicións sonométricas de datas 24/03/2005, 25/03/2005, dúas do 24/04/2005 e 30/04/2005, realizadas por axentes da policía local, que son obxecto de sanción neste procedemento, realizáronse con arreglo ó Manual de Procedementos do Concello para medición do ruido e con todas as garantías procedimentais necesarias.*
*De acordo co disposto no ap. 7.1 do Manual, a corrección por ruido de fondo tan só debe efectuarse "se durante a medición de calquera dos niveis de ruido se observase a existencia de ruido alleo á fonte sonora obxecto da medición e se estimase que dito ruido puidese afectar ó resultado da mesma".*

*Realízanse as seguintes consideracións con respecto ás medicións de datas ( que son obxecto de sanción):*

- *<u>Medición de 24/03/2005</u>: Debe destacarse que non existía ruido alleo á fonte sonora cando realizan esta medición, segundo informan os axentes da policía local, que non influíron na medición outros locais próximos,*

*que o local de música colindante ó Nemomanía –denominado Garaxe Torroso- atopábase pechado, que o tráfico da rúa Areal era moi escaso e que había poucos peóns na zona. Tráese a colación o parte de medición sonométrica e o parte de servizo de data 24/03/05 (folios 1-2-3 do expte), e mais a acta de comparecencia de 08/09/2005 (folios 308 e 309). Deste xeito, posto que os axentes actuantes non aprecian a existencia de ruido de fondo ó realizar a medición non se efectúa a corrección por ruido de fondo, de acordo co disposto no ap. 7.1 do Manual.*

- *<u>Medición de 25/03/2005</u>: Debe destacarse que non existía ruido alleo á fonte sonora cando realizan esta medición. Deste xeito, posto que os axentes actuantes non aprecian a existencia de ruido de fondo ó realizar a medición non se efectúa a corrección por ruido de fondo, de acordo co disposto no ap. 7.1 do Manual.*
- *<u>Medicións de 24/04/2005</u>: Debe destacarse que non existía ruido alleo á fonte sonora cando realizan estas medicións, segundo informan os axentes da policía local, que non influíron nas medicións outros locais próximos, que o local de música colindante ó Nemomanía –denominado Garaxe Torroso- atopábase pechado, que o tráfico da rúa Areal era moi escaso e que había poucos peóns na zona. Tráense a colación os partes de medicións sonométricas e o parte de servizo de datas 24/04/05 (folios 16-17-30 do expte), e mais a acta de comparecencia de 08/09/2005 (folios 308 e 309). Pese a non apreciar a existencia de ruido de fondo, os axentes da Policía local, con carné nº 334 e 214, ordenaron ó responsable do local, Don Fabián Torres Figueroa, que apagase a música do local para poder medir o ruido de fondo e así eliminar calquera mínima dúbida. Consta no parte de servizo da policía local de data 24/04/2005 (folio 17), que O RESPONSABLE DO NEMOMANÍA NEGOUSE A APAGAR A MÚSICA DO SEU LOCAL, EN REITERADAS OCASIÓNS, COMO SE LLE ORDENABA POLOS AXENTES DA POLICÍA LOCAL SENDO ASÍ IMPOSIBLE MEDIR O MESMO POSTO QUE DEBE MEDIRSE COA ACTIVIDADE RUIDOSA PARALIZADA.*
- *<u>Medición de data 30/04/2005:</u> Debe destacarse que non existía ruido alleo á fonte sonora cando realizan esta medición, segundo informan os axentes da policía local, que non influíron na medición outros locais próximos, que o local de música colindante ó Nemomanía –denominado Garaxe Torroso- atopábase pechado, que o tráfico da rúa Areal era moi escaso e que había poucos peóns na zona. Tráese a colación o parte de medición sonométrica de data 30/04/05 (folio 27 do expte), e mais a acta de comparecencia de 08/09/2005 (folios 308 e 309). No parte de medición de ruidos os axentes actuantes manifestan que "...se localiza el foco emisor de ruidos en el bajo del inmueble objeto de la medición oyéndose nitidamente el murmullo de la gente así como la vibración del piso".*

*Resulta significativo que das cinco infraccións que se sancionan neste procedemento, que se sinalan no fundamento de dereito 1º deste acordo, as tres infraccións graves procedan de medicións efectuadas no piso 2º e as dúas moi graves procedan do piso 1º, así, pódese afirmar que canto mais preto estamos da fonte sonora, mais se incrementan os decibelios.*

*A entidade "Nemomanía, S.L" manifesta, no seu escrito de alegacións de data 06/10/2005, "ser a única interesada en coñecer a realidade dos feitos", e solicita a práctica dunha medición de contraste para descartar que o ruido proceda do seu local e así acreditar que procede dos demais locais sitos na rúa Areal.*

*Enténdese por esta Administración que tan interesada non debía estar a Sociedade Nemomanía cando, en reiteradas ocasións, negouse a apagar a música do seu local como se lle ordenaba polos axentes da policía local co obxecto de medir o ruido de fondo. Para medir dito ruido e poder realizar a corrección do nivel de ruído pola influencia do ruido de fondo, segundo establece o apartado 7.2 do Manual, a actividade ruidosa debe estar parada.*

*O responsable do local Nemomanía negouse a apagar a música, tal e como lle ordenaban os axentes da policía local, en reiteradas ocasións: Negouse os días 02/04/2005, 24/04/2005 e 18/09/2005. Non colaborou cos axentes no labor inspectora, feito o da OBSTRUCCIÓN DO LABOR INSPECTORA que podería cualificarse como infracción grave con arreglo ó previsto no art. 40.d) da Ordenanza de Ruidos.*

*Incomprensiblemente solicita que se practique unha medición de contraste cómo, cando e do modo que el quere. Esquece que o ruido de fondo debe medirse no momento en que se produce a infracción, para facer así a oportuna corrección, tal e como se lle advertiu en reiteradas ocasións. Non cabe aludir a suposta indefensión cando o denunciado incumpriu os requirimentos dos axentes, polo que toda a responsabilidade recae sobre a súa persoa.*

*Soamente nunha ocasión o responsable do Nemomanía colaborou apagando a música do seu local, podéndose medir o ruido de fondo, medición de data 03/07/2005, e debe destacarse que dita medición supera dabondo os niveis permitidos, constituíndo unha infracción grave.*

*C) <u>Alega que a contaminación acústica que se lle imputa ó local "Nemomanía" non deriva deste, senón, segundo o alegante, dos mais de trece locais existentes na zona que funcionan sen a correspondente licenza municipal de actividade, como por exemplo cita ó colindante local de ocio denominado "Garaxe Torroso".</u>*

*Dita alegación non pode ser estimada por canto os axentes que realizaron as medicións afirman que "...no influyen en la medición otros locales próximos", "...la circulación y afluencia de gente en la vía pública en el momento de la medición era escasa y no influía en el resultado", "....se localiza el foco emisor de ruidos en el bajo del inmueble objeto de la medición oyéndose nitidamente el murmullo de la gente así como la vibración del piso", "...No núm 22 da rúa Areal atópase a bocatería Tus, que desenvolve a actividade de bocatería sen producir contaminación acústica e, no núm. 18, o Garaxe Torroso, que con datas 24/03/2005, 24/04/2005,30/04/2005,11/092005, 25/09/2005 atopábase pechado sen exercer actividade".*
*Asemade, desde o 10 de marzo de 2005, o colindante local de ocio "Garaxe Torroso" atópase pechado, sen exercer actividade, segundo informou a Técnica de Admón Xeral en data 23 de agosto de 2005.*
*Alega o denunciado que o seu local atópase nunha "zona declarada acusticamente saturada" e fai alusión á prensa local, Faro de Vigo de 30-09-2005, donde se alude a un informe que establece a media de decibelios nocturnos externos en 66,3 dB(A).*
*Debe lembrase que o Concello de Vigo contratou unha asistencia técnica para medir o ruido exterior en determinadas rúas da cidade, entre as que se atopa a rúa Areal. O informe ó que se alude na prensa local é dita asistencia técnica. Non obstante, deberá ser validado por técnico municipal e aprobado pola Corporación, no seu caso. Deste xeito incoarase un procedemento para poder declarar determinadas zonas da cidade acusticamente saturadas, que pasa pola aprobación inicial plenaria, información pública, presentación e resolución de alegacións e aprobación definitiva polo pleno declarando a zona saturada. Mentres no se aprobe dito acordo plenario, no seu caso, non podemos falar de zonas acusticamente saturadas. O obxecto de dita declaración e reducir o ruido na zona coa adopción de determinadas medidas correctoras pero, en todo caso, dita declaración é limitada no tempo en tanto non se acaden os niveis de ruido dexesados. Así, o informe aludido, a día de hoxe, non ten valor xurídico nin virtualidade para esta Administración. Non obstante, diremos que a entidade "Nemomanía" coas continuas infraccións de ruido que produce é responsable de que se cheguen a estes niveis tan altos de ruido no ámbito exterior.*

*D)<u> Alega que os partes sonométricos que serviron de base para incoa-lo procedemento nº 3299/306/2005 recollen meras opinións subxectivas dos axentes da policía local e tamén datos erróneos, "como lo es responsabilizar al local de mi representada del resultado sonométrico reflejado en el parte de 30 de abril de 2005, entre las 03:15 e las 03:40 horas..., cuando en esa fecha y a esa hora el local de mi representada se encontraba cerrado al público....".</u>*

*Esta alegación non pode ser estimada por canto as medicións sonométricas realizadas por axentes da policía local, con arreglo ó Manual de Procedementos do Concello para medición do ruido, gozan dunha presunción "iuris tantum de veracidade" de acordo co previsto no art. 137.3 da LRXPAC 30/1992 e 17.5 do RD 1398/1993.*
*Asemade, o axente nº 214 manifestou: "Cando se realizou a medición o día 30 de abril, entre as 03:15 e as 03:40 horas, o local Nemo estaba aberto ó público, en funcionamento e cun alto nivel de ruido. Así se reflexa na referida medición por canto excedía en 21 dB(A) o nivel máximo de ruido permitido pola Ordenanza Municipal. Era tal o ruido, que desde o piso 1º escoitábase nitidamente o murmullo da xente existente no local e ademais puiden comprobar que o piso de Dona Juana Nuño vibraba..."*

*E) <u>Cuestiona a actuación da policía local que cualifica de "acoso", "irrazonables actuaciones", "persecución", chegando a solicitar unha investigación desta Administración por realizarse algunhas medicións por axentes</u>*

*vestidos de paisano o que "dice" ser manifestamente ilegal. Sorpréndelle a dispoñibilidade dos axentes da policía local ante as continúas solicitudes de medicións dos veciños.*

*Á vista da documentación obrante no expediente, a actuación da policía local é, sen dúbida algunha, axustada a dereito, correcta, dilixente e moi eficaz, polo que non se pode estimar dita alegación que carece de fundamento algún.*

*F) Alega que "unicamente por medio de la práctica de una medición de contraste, en las oportunas condiciones de contradicción entre las partes y sin influencia de otros locales, se podría pretender que el local Nemo sea fuente del nivel de ruidos superior al permitido por la Ordenanza", por lo que solicita en proba a práctica desa medición de contraste e que se constate pola policía a existencia de precinto ó equipo de música para 75 dB(A).*

*A proba proposta pola entidade mercantil "Nemomanía, S.L" rexeitase, de acordo co disposto no art. 17.2 do R.D 1398/1993 e 137.4 da LRXPAC 30/1992, por ser improcedente, xa que a súa relación cos feitos expostos e sancionables non pode alterar a resolución final deste procedemento.*
*A realización dunha medición de contraste neste momento procesual, tal e como solicita a parte, non demostraría que con datas 24/03/05, 25/03/05, 24/04/05 e 30/04/05 non se producisen as infraccións que agora se sancionan.*
*Asemade, constan incorporadas ó expediente novas medicións positivas de contaminación acústica realizadas pola policía local en datas 25/06/05, 03/07/05, 11/09/05, 18/09/2005 e 25/09/2005. Tamén destacar, as medicións positivas realizadas pola empresa homologada "G.O.C, S.A", por encargo do Valedor do Cidadán, que gozan dunha absoluta imparcialidade e obxectividade, na madrugada do día 17 ó 18 de xuño de 2005 (constan nos folios 95 a 190 do expte).*

*G) Alega a nulidade radical do procedemento e indefensión:*
*Non se estima dita alegación por canto o procedemento seguiu a tramitación legalmente establecida e o denunciado presentou todas as alegacións que estimou oportunas en defensa dos seus dereitos. Por outra banda, a proba solicitada polo denunciado rexeitouse de forma motivada por ser improcedente.*

*H) Con respecto á "Auditoría practicada a informes de medición de contaminación acústica", realizada por "Acusticontrol", por encargo de "Nemomanía, S.L", lémbrase que unha auditoría sobre ruidos é un proceso de avaliación sistemático, obxetivo, independente e periódico en materia de ruidos, segundo establece o art 21 da Lei 7/1997. Así, dita documentación non é máis que un informe de parte, ausente de obxectividade que incluso cuestiona sen fundamento as medición realizadas e aportadas por encargo do Valedor do Cidadán que é un órgano independente para a defensa dos cidadáns.*

*4.- A infracción moi grave leva aparellada a sanción de multa de 9.015,19 euros a 60.101,21 euros, clausura do establecemento ou paralización da actividade por un espacio de tempo superior a seis meses ou con carácter definitivo, segundo establecen os artigos 16.1.c) da Lei 7/1997, de 11 de agosto, e 42.c) da Ordenanza municipal de ruidos e vibracións Asemade, consonte ó artigo 131.3.a) da LRXPAC 30/1992, de 26 de novembro, a sanción debe impoñerse por infracción moi grave no seu grado mínimo atendendo ó principio de proporcionalidade.*

*5.- O artigo 45 da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, dispón que "na resolución que poña fin ó procedemento sancionador poderá acordarse, a parte da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización dos danos e perdas ocasionadas como consecuencia da actividade infractora. Para a execución dos ditos actos, se o*

*infractor non os cumprise voluntariamente no prazo que se lle sinale, poderá impoñérselle multas coercitivas sucesivas de ata 500.000 pesetas (3.005 €) cada unha".*

*6.- O procedemento tramitouse de acordo co previsto para o exercicio da potestade sancionadora na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora e no Manual de procedementos do Concello de Vigo para a medición de ruidos e vibracións, publicado no BOP, nº 198, de 16 de outubro de 2000.*

*7.- A competencia sancionadora estaría atribuída o Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, en virtude de delegación de competencias, efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2004, de acordo co disposto no art. 127.1.L) da LBRL 7/1985. No obstante, dita delegación queda sen efecto, ó haberse abstido de intervir no procedemento administrativo, nº 3299/306/2005, o Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente, por estar incurso no motivo de abstención, apartado 2.b) do artigo 28 da LRXPAC 30/1992. Así a competencia pertence á Xunta de Goberno Local, de acordo co disposto no art. 127.1.L) da LBRL 7/1985.*

*En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, <u>proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO</u>*

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por Don Fabián Torres Figueroa, actuando en representación da sociedade mercantil "Nemomanía, S.L", en base ós feitos e fundamentos de dereito expostos e inadmitir a proba proposta pola entidade mercantil "Nemomanía, S.L", de acordo co disposto no art. 17.2 do R.D 1398/1993 e 137.4 da LRXPAC 30/1992, por ser improcedente.*

*SEGUNDO.- Impoñer á sociedade mercantil "Nemomanía, S.L", con CIF nº B-36.925.030, a sanción de multa de 9.015, 19 euros e paralización total da actividade no local, sito na rúa Areal, nº 20-baixo, durante o prazo de seis meses e un día. Dito prazo contarase, de data a data, a partir do día seguinte ó da recepción da notificación do acordo resolutorio que aprobe a Xunta de Goberno Local, segundo establece o artigo 48.2 da LRXPAC 30/1992, de 26 de novembro.*

*TERCEIRO.- Impoñer á sociedade mercantil "Nemomanía, S.L" a medida complementaria de adoptar as medidas correctoras precisas para evitar a contaminación acústica. Con carácter previo á reapertura do local, débese xustificar ante o Servizo Municipal de Medio Ambiente, a realización das citadas medidas correctoras presentando certificación e nova medición sonométrica de empresa ou entidade de medición acústica homologada pola Consellería de Medio Ambiente que acredite que as mesmas foron suficientes para a eliminación dos ruidos.*

*CUARTO.- Ordénase á Policía Local que proceda ó precinto do Local sito na rúa Areal de Vigo, nº 20-baixo, de constatarse que o establecemento atópase aberto ó público durante o período de cumprimento da sanción de paralización temporal da actividade, sen perxuizo do seu traslado ó Ministerio Fiscal para a depuración das responsabilidades penais a que houbese lugar pola presunta comisión dun delicto de desobediencia á Autoridade.*

*QUINTO.- Notificar a presente Resolución ós denunciantes, á entidade "Nemomanía, S.L", á Xefatura da Policía Local de Vigo, ó Servizo Municipal de licenzas de actividades e á instructora do procedemento sancionador.*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por Don Fabián Torres Figueroa, actuando en representación da sociedade mercantil “Nemomanía, S.L”, en base ós feitos e fundamentos de dereito expostos e inadmitir a proba proposta pola entidade mercantil “Nemomanía, S.L”, de acordo co disposto no art. 17.2 do R.D 1398/1993 e 137.4 da LRXPAC 30/1992, por ser improcedente.

SEGUNDO.- Impoñer á sociedade mercantil “Nemomanía, S.L”, con CIF nº B-36.925.030, a sanción de multa de 9.015, 19 euros e paralización total da actividade no local, sito na rúa Areal, nº 20-baixo, durante o prazo de seis meses e un día. Dito prazo contarase, de data a data, a partir do día seguinte ó da recepción da notificación do acordo resolutorio que aprobe a Xunta de Goberno Local, segundo establece o artigo 48.2 da LRXPAC 30/1992, de 26 de novembro.

TERCEIRO.- Impoñer á sociedade mercantil “Nemomanía, S.L” a medida complementaria de adoptar as medidas correctoras precisas para evitar a contaminación acústica. Con carácter previo á reapertura do local, débese xustificar ante o Servizo Municipal de Medio Ambiente, a realización das citadas medidas correctoras presentando certificación e nova medición sonométrica de empresa ou entidade de medición acústica homologada pola Consellería de Medio Ambiente que acredite que as mesmas foron suficientes para a eliminación dos ruidos.

CUARTO.- Ordénase á Policía Local que proceda ó precinto do Local sito na rúa Areal de Vigo, nº 20-baixo, de constatarse que o establecemento atópase aberto ó público durante o período de cumprimento da sanción de paralización temporal da actividade, sen perxuizo do seu traslado ó Ministerio Fiscal para a depuración das responsabilidades penais a que houbese lugar pola presunta comisión dun delicto de desobediencia á Autoridade.

QUINTO.- Notificar a presente Resolución ós denunciantes, á entidade “Nemomanía, S.L”, á Xefatura da Policía Local de Vigo, ó Servizo Municipal de licenzas de actividades e á instructora do procedemento sancionador.

VOLVE A INCORPORARSE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. FIGUEROA VILA.

**19(1474).- PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA XUNQUEIRA DO LAGARES T.M. DE VIGO (2ª FASE). EXPTE. 1673/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico supervisor de Medio Ambiente, do 25.10.05, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

*Con data 27 de novembro de 2002, o Ministerio de Medio Ambiente, presenta no Rexistro Xeral, doc. 379210 o "Proxecto de Acondicionamento da Xunqueira Lagares T.M. de Vigo (2ª Fase) para a súa publicación no "Faro de Vigo" e no Boletín Oficial da Provincia", así como exposición no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo. Unha vez transcorrido o prazo remitirase ao Servicio Provincial de Costas a certificación acreditativa da información practicada e da documentación que se houbese presentado.*

*Dito proxecto publicouse no Faro de Vigo de data 13 de decembro de 2002 e no Boletín Oficial da Provincial nº 19 de data 29 de xaneiro de 2003.*

*Con data 2 de abril de 2003, remítese a Dirección Xeral de Costas certificación da exposición pública, así como as alegacións presentadas ao devandito proxecto.*

*Con data 19 de abril de 2004, o director dos servicios técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe:*

*"Asunto: Proyecto de Acondicionamiento de la Junquera del Río Lagares, 2ª Fase.*

*El Servicio Provincial de Costas de Pontevedra, del Ministerio de Medio Ambiente nos remite para informe técnico y disponibilidad de terrenos, el proyecto de Acondicionamiento de la Junquera del Lagares, 2ª fase. A tal efecto he de informar lo siguiente:*

*Se trata de dar continuidad a la actuación efectuada en la 1ª fase y que por razones de tipo ecológico y medio ambiental fue preciso reformar.*

*Por esta razón la actuación que ahora se proyecta contempla una senda de madera de 380 ml en la zona más sensible de la marisma y una modificación del trazado entre los mojones 150 a 153 con demolición de lo construido y la pertinente expropiación.*

*Como detalles más significativos del proyecto cabe señalar la adecuación de parte de los pavimentos previstos o colocados y la construcción de un puente de 10 metros en la zona oeste de la marisma para minimizar impactos, así como la instalación de una caseta de observación de la fauna, ejecutada de madera laminada.*

*Por otro lado se acondicionan taludes, se efectúa una revegetación y se llevan a cabo obras auxiliares para la evacuación de aguas y dotación de mobiliario urbano, reconstruyéndose parte de los muros existentes con anterioridad.*

*El plazo de ejecución se fija en 8 meses y el presupuesto de ejecución por contrata se fija en 620.634,42 euros, IVA incluido.*

*La actuación se realiza en terrenos de dominio público marítimo-terrestre, según se detalla en el presente proyecto, salvo los tramos de paseo entre los mojones 145 a 147 y 150 a 153. Así pues, ha de llevarse a cabo la pertinente expropiación como ya figura en el anejo nº 7 de la Memoria del proyecto. La superficie a ocuparse se cifra en 93,20* $m^2$ *y se eleva su coste en 4.074,26 euros (677.900 pesetas).*

*A mi criterio la expropiación debe efectuarse por la Administración actuante, si fuese acordado con la colaboración que proceda de este Ayuntamiento.*

*El tramo de paseo entre los mojones 155 a 159, se considera en el presente proyecto como perteneciente a la 1ª fase y por tanto ya efectuado. Puesto que en el apartado 15.- PLANEAMIENTO URBANÍSTICO EN VIGOR, de la memoria del proyecto se dice: "las modificaciones no contradicen al planeamiento urbanístico en vigor", ha de materializarse la construcción del paseo entre los mojones 153 a 155 de modo que puedan desarrollarse las previsiones del Plan General a tenor del deslinde de la zona marítimo-terrestre que figura en el citado proyecto, por lo que considerando que está en trámite la modificación del PGOM se debería dar cuenta al equipo redactor del mismo para su coordinación e incorporación al planeamiento si así se estimase.*

*A mi juicio se trata de una obra completa contemplado el presente proyecto conjuntamente con la obra ya realizada en la 1ª fase, y el tratamiento dado puede considerarse adecuado dentro de los límites de una obra de este tipo en un lugar especialmente sensible a su implantación, por lo que se propone su aprobación técnica."*

*Con data 6 de outubro de 2004, o xefe de Patrimonio Histórico, emite o seguinte informe:*

*"Conforme á súa dilixencia de 01/10/04, en relación co asunto de referencia, visto o proxecto incluído no expediente 1673/306 infórmase o seguinte:*

- *Parte das obras previstas, e en concreto as de "reconstrucción do muro das antigas salinas" atópanse dentro do ámbito de protección (200 m. dende o límite exterior do xacemento) dos xacementos catalogados coas claves GA36057032 (Petroglifo das Laixelas 1) e GA 36057033 (Petroglifo de Laixelas 2), do catálogo de xacementos arqueolóxicos de Vigo. Débese ter en conta, ademais, que os gravados rupestres teñen a consideración xenérica de Bens de Interese Cultural (art. 40.2 LPHE e DA 1ª da LPCG).*
- *A Xunqueira do Lagares inclúese no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) vixente como "Área Natural".*

*Xa que logo en cumprimento do disposto no artigo 3331 do PXOU vixente, 44 e D.A. 2ª da LPCG e 18 das NNCCSSP e demais normativa de aplicación, <u>o proxecto de obra deberá ser remitido á Delegación Provincial de Cultura da Xunta de Galicia ós efectos de que emitan a preceptiva autorización, previa á aprobación do proxecto</u>.*

*Consideración no proxecto dos restos das antigas saíñas do século XVIII:*
*As obras que se recollen no proxecto, especialmente aquelas que implican remocións de terras, adaptación de noiros, reconstrucción de muros..., así como os efectos derivados doutras accións previstas no proxecto, afectan ou poden afectar ós restos visibles e ós posiblemente ocultos das <u>antigas saíñas documentadas na Xunqueira do Lagares e cuxos restos visibles datan do século XVIII </u>, se ben probablemente e dacordo coa documentación histórica, teñan os seus antecedentes na Baixa Idade Media, sen descartar que mesmo houbese unha explotación romana anterior[1].*

*Se ben por razóns que descoñecemos os restos materiais destas antigas saíñas non aparecen recollidos nin nos catálogos do patrimonio do PXOU-PEEC, nin do das NNCCSS Provinciais, nin no Inventario de Patrimonio Etnográfico das parroquias do Concello de Vigo[2], si se incluían xa no "Catálogo de elementos culturales del paisaje" do "Estudio y caracterización ambiental y propuestas de actuaciones en la Xunqueira do Lagares", redactado en marzo 1994 por SAG DE GALICIA, S.L. Consulting Engineers & Economists, por encargo do daquela Departamento de Patrimonio Histórico e Medio Ambiente do Concello de Vigo[3]. Catalogábanse neste Estudio, en concreto –sen que daí se tramitase expediente ningún de aprobación ou se trasladase o catálogo a outra figura de planeamento municipal- :*

- *Edificio conocido como "Casa das Saíñas"*

---

[1] O recente descubremento na zona do Areal dunhas extensas saíñas de época romana e a constatación arqueolóxica da importancia da explotación salinera en Vigo nesa época –que inclúe ademais varias explotacións salazoneiras (Villa de Torala, Fiunchal de Roade, praia do Cocho)-, fan posible que a Xunqueira do Lagares fose loxicamente tamén utilizada naquel tempo para a extracción de sal.
[2] As ruinas do antigo Alfolí si están recollidas neste Inventario que non está incorporado aínda a ningunha figura de planeamento. Infelizmente estas ruinas desapareceron como consecuencia da execución da 1ª fase do proxecto de adecuación da Xunqueira xa rematada. A edificación antiga foi substituída por unha de nova planta destinada a Centro de Interpretación.
[3] No Estudio de Incidencia Ambiental desta 2ª fase do proxecto cítase este Estudio, pero só se recolle o apartado de caracterización xeotécnica.

- *Muro de contención de las salinas*
- *Otras estructuras de las salinas*
- *Puente de Molinos y molino hidráulico*
- *Molino de viento*

*Este estudio caracteriza os restos das antigas saíñas coa consideración de* *“Restos Arqueolóxicos”* *salientando a súa importancia arqueolóxica e histórica e a necesidade de que en calquera actuación que se proxecte sobre este espacio se realice previamente un estudio de campo, documental e cartográfico máis preciso dos aspectos patrimoniais (etnográficos, históricos, arqueolóxicos) existentes*[4]*.*

*Infelizmente a primeira fase da actuación de Acondicionamento da Xunqueira do Río Lagares –que non foi informada por este servicio de Patrimonio Histórico- executouse sen ter convenientemente en conta os valores patrimonias presentes na zona, o que producíu a destrucción das ruinas do edificio do antigo Alfolí*[5] *e poidera ser que tamén se perdesen –aínda que nono poideramos de certo constatar por non terse feito seguemento arqueolóxico das obras- indicios ou vestixios das estructuras das vellas saíñas dos séculos XVIII a XIX ou mesmo incluso dunhas posibles saíñas medievais ou romanas.*

*Consultado o proxecto para esta 2ª fase, compróbase que se realizarán movementos de terra e adecuación de noiros, muros, construccións de pasarelas... sen que novamente se atope entre a documentación do expediente ningunha xustificación histórico-arqueolóxica das actuacións propostas, nin se prevea ningún tipo de seguemento arqueolóxico das obras, se aclare que tipo de metodoloxía e criterios de rehabilitación se empregarán na reconstrucción de estructuras históricas sobre as que se proxecta actuar, salientablemente os restos do dique principal das saíñas.*

*O Estudio de incidencia ambiental incluído no proxecto se ben cita a importancia cultural das saíñas, non desenvolve en absoluto este asunto, nin recolle nin na parte textual nin nas matrices, avaliación ningunha do impacto das obras previstas sobre os bens patrimoniais existentes e, xa que logo, tampouco inclúe ningunha medida correctora.*

*Entendemos, non embargantes, que a xustificación histórico-arqueolóxica das intervencións sobre os muros da antiga saíña é indispensable para poder facer unha valoración da corrección dunha proposta de reconstrucción do dique ou doutras estructuras preexistentes. Pesie á importancia histórica destes restos, o único que se recolle no proxecto é unha mera partida de “Reconstrucción muro sillería” e unha liña grafiada no plano nº 3 do proxecto. Non se sabe así, nin se xustifica, se a actuación sobre os muros é unha restauración, unha rehabilitación ou unha reconstrucción en sentido estricto, cuestión transcendente cando se trata da preservación e/ou posta en valor de estructuras arquitectónicas históricas ou etnográficas. En ningún momento se expresan os criterios de*

---

[4] *“Cualquier proyecto sobre impacto ambiental o intervención de cara a la conservación de la Xunqueira do Lagares, ha de pasar por este estudio, articulándose con la caracterización del medio físico, como una actuación conjunta, preventiva.”* Estudio citado, paxina 121, apartado de “Propostas”.

[5] O que semellan ser algúns dos sillares e mampostos deste edificio aínda están amoreados a carón da nova construcción

*rehabilitación/restauración/reconstrucción que se utilizarán, nin, consecuentemente ningunha información textual ou gráfica que permita unha valoración patrimonial da situación actual e da solución proposta en proxecto.*

*Consideramos pois imprescindible que para garantir a preservación dos valores históricos dos restos que aínda se conservan, debería aportarse ó proxecto canto menos a seguinte documentación:*

- *Proxecto específico de rehabilitación/reconstrucción dos muros do antigo dique de contención*
- *Reportaxe fotográfica exhaustiva, plantas e alzados do estado actual dos muros antigos de pedra ou terra sobre os que se actúe directa ou indirectamente e particularmente dos restos do antigo dique de contención das saíñas do s. XVIII, de maneira que se poida realizar unha supervisión da súa restauración, rehabilitación ou reconstrucción.*
- *Informe de xustificación histórico-arqueolóxica das solucións propostas na reconstrucción de estructuras antigas. Criterios de rehabilitación.*
- *No Estudio de Incidencia Ambiental: deberase incluír a valoración dos impactos das obras previstas sobre o patrimonio cultural*
- *Á espera do que poida considerar a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, como administración competente nesta materia, entendemos que as obras deberían contar cun proxecto de control arqueolóxico que, en calquera caso, deberá ser autorizado pola Xunta de Galicia.*

*En conclusión e a xuízo do técnico que asina:*

1. *Coa finalidade de garantir a preservación material e os valores históricos dos elementos do patrimonio cultural que poidan estar afectados pola execución destas obras, considérase imprescindible aportar ó Proxecto, canto menos a documentación que se cita no derradeiro apartado deste informe.*
2. *Antes da súa aprobación, o proxecto de obra deberá contar coa preceptiva autorización da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.*

*Con data 13 de novembro de 2004, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, informa o seguinte:*

*Examinado o expediente promovido polo Concello, en relación co proxecto de acondicionamento da Xunqueira do río Lagares (2ª fase), no lugar de Navia, en Vigo.*

*Considerando que se trata dunha actuación no contorno nos petroglifos de Laxielas 1 e 2, declarados bes de interese cultura que, de acordo co art. 37 da Lei 871995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.*

*A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra (sesión do 28 de outubro de 2004), acorda o seguinte:*

*"Unha parte do proxecto que se proxecta queda incluído dentro do ámbito de protección arqueolóxica sinalado, mentres que outra parte queda fora. O proxecto incorpora un estudio de incidencia ambiental que practicamente ignora a existencia dunhas saíñas históricas no ámbito da actuación, pese a que unha das partes do proxecto consista na "reconstrucción manual de los antigüos muros de las salinas".*

*Aínda que as obras novas posiblemente sexan compatibles coa conservación das saíñas, o proxecto está incompleto, xa que nin o estudio de incidencia ambiental nin o propio proxecto din nada ó respecto; tampouco se concreta a maneira en que se prevé reconstruír os muros das saíñas.Neste sentido se manifesta o Departamento de Patrimonio*

*Histórico do Concello de Vigo no seu informe. Non se pode esquecer que a xunqueira do Lagares ademais de posuír un importante valor medioambiental, ten tamén un innegable interese histórico polas súas saíñas.*

*Daquela, previamente á autorización do proxecto, deberá remitirse un estudio histórico arqueolóxico das saíñas, coa finalidade de documentar a cortagrafar os restos das estructuras conservadas da industria do sal e a incidencia que terán nelas as obras previstas. Por outra parte, deberá remitirse documentación aclaratoria complementaria (gráfica e escrita) sobre a reconstrucción que se proxecta realizar dos muros das saíñas".*

*Con data 14 de xuño de 2005, a xefa da unidade técnica de Medio Ambiente, emite o seguinte informe:*

*"En data 1 de xuño recíbese o proxecto de referencia. Unha vez avaliado e feita a correspondente visita sobre o terreo, considerouse de interese facer unha saída conxunta cos autores do proxecto para a aclaración dalgunhas actuacións e a avaliación da viabilidade dalgunhas modificacións que poderían mellorar o proxecto, desde o punto de vista ambiental. A saída concertoúse, por motivos de axenda dos redactores, para o luns 13 de xuño.*

*Desta visita conxunta consideráronse factibles algunhas modificacións.*

*Asímesmo a 2ª fase se desenvolve en terreos os que a dispoñibilidade non presenta problemas, excepto un pequeño tramo de senda de 22,75 m. de lonxitude, entre os vértices 151 e 152 do deslinde, propiedade dos herdeiros de D. Agustín Caamaño Becerra; que habería que expropiar. Según os enxeñeiros do Servicio de Costas de Pontevedra, o concello non puxo a disposición estes terreos, polo que se redactou unha adenda ó proxecto, en marzo de 2004; no que eliminaban este tramo da actuación, quedando o paseo sen rematar ata a estrada, como estaba proposto. Os enxeñeiros suxiren, dado que se vai a facer un modificado, se o concello todavía está interesado en facer o paseo na súa totaliade, que estudie a posibilidade de poñer os terreos a disposición (que según o informe do Director dos Servicios Técnicos de Urbanismo de data 19 de abril de 2004 teñen un custo de 4.074,26 €), e se o considera, volveríanse a incluir no proxecto modificado.*

*Tamén se lles facilitou unha copia dos informes do servicio de Patrimonio Histórico do concello e da Consellería de Cultura, da Xunta de Galicia, respecto á necesidade de redactar un estudio histórico-arqueolóxico das salinas.*

*As modificacións propostas foron as seguintes.*

- *Realización da senda proposta na 2ª fase en madeira sobre pilotes, en toda a súa lonxitude, en lugar dun tramo pavimentado e protexida por un muro de mampostería que figura no proxecto, para a última parte do paseo.*
- *Acondicionar as bermas da 1ª fase só nos casos nos que sexa necesario, porque a vexetación existente non sexa a propia do entorno.*
- *Prescindir do mobiliario e papeleiras, xa que, o Plan Especial de Recuperación do río Lagares, que se aplica ó resto do cauce, o determina. Situándose, no seu caso, sinalizacións de prohibimento en madeira, como as existentes no paseo do Lagares."*

*Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*Primeiro.- Aprobar o proxecto de "Proxecto de Acondicionamento da Xunqueira do Lagares T.M. de Vigo (2º Fase)", redactado polo Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas, Servizo de Costas de Pontevedra, condicionado a inclusión das propostas realizadas polo técnicos municipais e a Delegación de Cultura da Xunta de Galicia. Todo isto sen prexuízo das exisencias ou autorizacións doutras administracións.*

*<u>Segundo.-</u> Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente a remisión do documento final que recolla as propostas dos técnicos e as autorizacións sectoriais exisibles a efectos de verificar o cumprimento do apartado anterior*

*<u>Terceiro.-</u> Poñer a disposición do Ministerio de Medio Ambiente os terreos necesarios para a actuación de acondicionamento da Xunqueira do Lagares que segundo a adenda do proxecto que eliminaba a actuación entre os mojóns 145 e 147 e 150 a 153.*

*No caso en que o Concello consiga facerse coa titularidade dos terreos antes da adxudicación do proxecto poríanse a disposición do Ministerio para completar o mesmo.*

*<u>Cuarto.-</u> Considerar segundo o artigo 111.11 e 111.1.3 da Lei de Costas o devandito proxecto como obra de interese xeral de competencia do estado polo que sería de aplicación o art. 111.3 "As obras públicas de interese xeral citadas no apartado 1 de este artigo non están sometidas a licencia ou calquera outro acto de control por parte das administracións locais e a súa execución non poderá ser suspendida por outras administracións públicas, sen prexuízo da interposición dos recursos que procedan". Polo tanto, ao non ser necesaria licenza non habería lugar ó pagamento de taxas.*

*<u>Quinto.-</u> Adoptar o compromiso da conservación das obras.*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(1475).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A SÁNCHEZ ÁLVAREZ, S. L.CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA ROGELIO ABALDE, 1. EXPTE. 71604/210.**

Examinadas as actucións do expediente, dáse conta do informe-proposta do da xefa de Seguridade e Transportes, do 24.10.05, conformaco polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

*En data 31 de agosto de 2005, por parte de SANCHEZ ALVAREZ, S.L, constituiuse un aval de 1.500 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ROGELIO ABALDE, 1 (expte 71604/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra, SANCHEZ ALVAREZ, S.L, en data 19 de setembro de 2005 solicita a baixa da mesma e a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 19 de setembro de 2005, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval porque retiraron toda a sinalización de obra.*

*Polo exposto, <u>sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO</u>:*

*Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 31 de agosto de 2005 por SANCHEZ ALVAREZ, S.L, con CIF B-36012540, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ROGELIO ABALDE, 1, por non producirse danos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(1476).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A JUAN PAZOS S. L. CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA AREAL, 16, DE VIGO. EXPTE. 71610/210.**

Examinadas as actucións do expediente, dáse conta do informe-proposta do da xefa de Seguridade e Transportes, do 27.10.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

*En data 27 de xuño de 2005, por parte de JUAN PAZOS, S.L, constituiuse un aval de 1.500 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa AREAL, 16 (expte 71147/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra, JUAN PAZOS, S.L, en data 30 de setembro de 2005 solicita a baixa da mesma e a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 30 de setembro de 2005, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval porque retiraron toda a sinalización de obra.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 27 de xuño de 2005 por JUAN PAZOS, S.L, con CIF B-36176667, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa AREAL, 16, por non producirse danos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(1477).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA O CENTRO CÍVICO DE SAIÁNS E AUDITORIO DO CENTRO CULTURAL DE VALADARES. EXPTE. 807/321**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a subministración de mobiliario para os centros cívicos de saiáns e o Auditorio do Centro Cultural de Valadares, do 27.09.05, asinado polo xefe de Participación e Atención Cidadá e conformado pola delegado do Goberno da Área de Participación Cidadá, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 11.10.05, e conformado polo xefe da Área

de Contratación de Novos Proxectos; visto o informe xurídico de 17.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 11.10.05, conformado polo xefe da Área de Contratación de Novos Proxectos, a delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 36.000 euros para a subministración para de mobiliario para o centro cívico de Saians e 30.000 euros para a subministración de butacas para o auditorio de Valadares, que se imputaran respectivamente nas partidas 4631.625.00.01. e 4631.625.00.05. do vixente presuposto.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas para a contratación por concurso aberto da subministración de mobiliario para o centro cívico de Saians e butacas para o auditorio de Valadares.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**23(1478).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS EN BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE PROXIMIDADE (BIBLIOTECAS PÚBLICAS ESCOLARES) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9128/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da prestación de servizos en bibliotecas públicas de proximidade (rede de bibliotecas escolares), do 29.07.05, asinado polo xefe do departamento de Cultura e o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, do 14.10.05, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 14.10.05, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico do 25.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 14.10.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos e o concelleiro da Área de Cultura e Animación Cultural e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 114.114,00 euros para a prestación dos servizos en Bibliotecas de proximidade que se imputarán á partida 451.1.227.06.00 dos presupostos dos anos 2005, 2006 e 2007.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a prestación dos servizos en Bibliotecas de proximidade.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**24(1479).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN PIANO PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 7076/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a subministración dun piano para a Escola Municipal de Música, asinado pola xefa do Servizo de

Educación, do 12.05.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 10.10.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico de 21.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 10.10.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Educación e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 14.604,02 euros para a subministración dun piano para a Escola Municipal de Música con cargo á partida 422.0.629.00.02 do presuposto do ano 2005.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas para a contratación por procedemento negociado da subministración dun piano para a Escola Municipal de Música.

3º .- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**25(1480).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ARMAS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33162/212.**

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do .8.08.05 acorda aprobar o expediente para a contratación da subministración de armas para a Policía Local do Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 12.09.05 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentaronse as seguintes proposicións: 1) Ekinsa Equipamiento Institucional S.A.U.

Así mesmo, presentouse en correos con envío de Fax a proposta a nome de Global Hunt S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 19.09.05 procedeu á apertura da documentación, admmitindo as propostas e pasándoas a informe-proposta da Xefatura da Policía Local que foi emitido polo xefe da Policía Local con data 27.09.05, propoñendo como adxudicataria á empresa Global Hunt S.L.

En sesión do 17.10.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Global Hunt, S.L. a subministración de 40 armas para a Policía Local por un importe de 21.000 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08.08.2005 e a oferta presentada.

**26(1481).- SOLICITUDE DE D. CARLOS CÉSAR GAYOSO MELÓN DE DESCATALOGACIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO CAMIÑO CEBOLEIRA R-1-1. ESTIMADA EN 54 M LINEAIS DO CAMIÑO. EXPTE. 15614/240.**

A Xunta de Goberno Local retira este expediente para mellor estudio.

**27(1482).- SOLICITUDE DE D. ELOY MAGALLANES RODRÍGUEZ DE DESCATALOGACIÓN DE CARÁCTER PÚBLICO DUN TRAMO DA RÚA DEVESA. ESTIMADA. EXPTE. 17001/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.10.05, que dí o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Reglamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*

*Antecedentes:*

*Don Eloy Magallanes Rodríguez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de xuño de 2004, solicitando a descatalogación do carácter público dun tramo da Rúa Devesa que percorre a súa propiedade, de 53 metros de lonxitude e 2, 80 metros de ancho, gravado cunha servidume de carro a favor de Don Eugenio Veloso Villar. Achega coa solicitude diversos planos e copias das escrituras de compravenda da súa finca e de constitución de servidume.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do Sr. Arquitecto municipal da Oficina Técnica desta Unidade de Patrimonio, de data 23 de decembro de 2004, manifestando que o tramo obxeto deste expediente non figura afectado polo trazado viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.*

- *Informe da Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 31 de maio de 2005, adxuntando a planimetría antiga deste Concello. Nin na Cartografía LEGAR do ano 1970 (escala 1/5000) nin na cartografía do ano 1985(escala 1/1000) aparece reflectido como camiño público o tramo o que se refire o presente expediente.*

- *Evacúase trámite de audiencia á Asociación de veciños de Saians e ós donos das fincas colindantes, na súa calidade de interesados no expediente consonte o artigo 31 da LRJAP e non formulan alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da LBRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servicio público, considerando o artigo 264 da LALG e o artigo 3 do RBEL como bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local.*

*Segundo.- O camiño obxeto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, cas seguintes características: Camiño Devesa con inicio en Camiño de intersección Vilaverde e Volta e final en finca particular, de 330 metros de lonxitude e 4, 60 metros de anchura, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.*

*Terceiro.- Entre os medios e facultades establecidos polo Ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas resulta de relevancia a obriga de formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG e 17 RBEL). Consonte o artigo 32 LPAP "as Administracións públicas están obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas par reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que se adiquen ....... o inventario patrimonial .... incluirá, a lo menos, os bens inmobles e dereitos reais sobre os mesmos" e segundo o artigo 20.g) RBEL o inventario dos bens inmobles comprenderá as vías públicas, as cales constarán cos datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia ós seus lindeiros, lonxitude e anchura.*

*Cuarto.- Consonte os artigos 278 LALG e 33 RBEL a rectificación do inventario se verificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación, e nela reflectiránse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.*

*Quinto.- O presente expediente de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos ten por obxeto a determinación da correcta inclusión no Epígrafe I de vías públicas do camiño en cuestión en atención o seu uso público ou pola contra se non concorre dita condición de uso público proceder a súa rectificación inventarial, dandoo de baixa.*

*Sexto.- Dos diferentes informes e dos planos cartográficos obrantes no expediente dedúcese que o Camiño Rapadouros de Abaixo discorre polo interior dunha finca particular. Na Cartografía LEGAR do ano 1970 (1/5000) non aparece reflectido ningún camiño e no plano catastral vixente e cartografía actual tampouco.*

*Por todo o anteriormente e dacordo co sinalado na dilixencia desta mesma data sométese a Xunta de Goberno Local, adopción do seguinte acordo:*

*"1º.- Autorizar a rectificación no Inventario Municipal de bens e dereitos do tramo final do Camiño Devesa, nunha lonxitude de de 53 metros, anulando a súa consideración como vía pública o percorrer por finca privada de acordo co informe da Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 31 de maio de 2005.*

*2º.- Someter a rectificación a información pública polo prazo regulamentario.*

Acordo

A Xunta do Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(1483).- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DANDO DE BAIXA O RAMAL 1-2 DO CAMIÑO DE SAN ROQUE. EXPTE. 10099/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.10.05, que dí o seguinte:

*Antecedentes:*
*O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 1 de marzo de 1999, aprobou inicialmente a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos para dar de baixa o ramal 1-2 do camiño de San Roque.*

*Durante o prazo de información pública presentáronse alegacións ó mesmo:*

- *Dona Herminia Álvarez Ferrer e outros, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de xuño de 1999.*
- *Dona Consuelo Iglesias Alonso e outros, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de xuño de 1999.*

*Fundamentos xurídicos:*

*Primeiro.- Dona Herminia Álvarez Ferrer e outros opóñense a devandita desafectación, alegando o carácter público do mencionado camiño, o cal consideran debe recuperarse e sanearse para continuar sendo utilizado polos veciños do barrio. Porén, as alegacións efectuadas non son probadas e, en consecuencia, non desvirtúan os fundamentos que serviron de base para a adopción do acordo plenario de referencia.*

*Segundo.- Dona Consuelo Iglesias Alonso e outros consideran nulo de pleno dereito o devandito acordo plenario posto que na tramitación do expediente non deúselle trámite de audiencia na súa condición de interesados no procedemento, por ter propiedades colindantes co ramal 1-2 do camiño de San Roque. Máis examinada a documentación aportada, conclúese que as súas propiedades lindan con outro ramal diferente.*

*Terceiro.- Transcorrido o prazo de información pública e unha vez resoltas as reclamacións presentadas, consonte o artigo 8.2 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locaís, procede a aprobación definitiva do mencionado acordo de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos.*

*Por todo o anteriormente exposto, e dacordo co sinalado na dilixencia desta mesma data sométese a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- "Desestimar as reclamacións formuladas por Dona Herminia Álvarez Ferrer e outros e por Dona Consuelo Iglesias Alonso e outros".*

*2º.- "Acordar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos, dando de baixa o ramal 1-2 do camiño de San Roque".*

<u>Acordo</u>

A Xunta do Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(1484).- SOLICITUDE DE D. ALVARO GONZÁLEZ VALVERDE DE CORRECCIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, DA LONXITUDE DO CÑO. DO CASTAÑAL EN SAIÁNS. DESESTIMADA. EXPTE. 16702/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.10.05, que dí o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*Primeiro.- D. Alvaro González Valverde, en escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 22 de xullo de 2003, solicita a corrección do vial camiño do Castañal no Inventario municipal de viais, ó considerar que existe un erro na lonxitude do mesmo.*

*Segundo.- Remitido o expediente a informe do Arquitecto xefe da oficina técnica de patrimonio, informou en data 17 de setembro de 2003 o que segue:*

*"O camiño grafiado na planimetría do Inventario non supera os 170 metros lineais reseñados na súa ficha de características; logo se o camiño actual, ata a propiedade do solicitante, mide 184,30 metros, trataríase dun aumento na lonxitude do camiño inventariado e non dun erro da grafía".*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS.*

*PRIMEIRO.- Consonte o disposto no art. 79.3 da Lei 7/85 de BRL son bens de dominio público os destinados o uso ou servicio público, considerando o artigo 264 da Lei 4/97 da LALG e 3 do R.D. 1372/86 BEL, como bens de titularidade municipal de dominio público afectos a un uso público, os camiños, carreteiras, prazas, rúas, paseos, parques e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local. Á vista do informado polo arquitecto municipal, non se observa a concorrencia de circunstancias modificativas das características técnicas nin na grafía da planimetría municipal de viais que constaten a existencia dun erro, e conseguintemente a necesidade de revisión e rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos no Epígrafe 1 Vías Públicas, no que respecta ó camiño do Castañal.*

*Por todo o anteriormente exposto, e dacordo co sinalado na dilixencia desta mesma data sometese á Xunta de Goberno Local , a adopción do seguinte acordo:*

*"Desestima-la solicitude de corrección no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, do camiño do Castañal en Saiáns, interesado por D. Alvaro González Valverde, ó non apreciarse ningún erro de grafía".*

Acordo

A Xunta do Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(1485).- DESAFECTACIÓN DO LOCAL MUNICIPAL SITO NA RÚA MESTRES GOLDAR Nº 22, DENOMINADO CASA DE OFICIOS MESTRES GOLDAR. EXPTE. 17352/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.10.05, que dí o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locaís (RBEL).*
- *RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*

*ANTECEDENTES:*

*Primeiro.- O Excmo. Concello de Vigo é propietario do inmoble sito na rúa Mestres Goldar nº 22 denominado Casa de Oficios Mestres Goldar, que consta no Inventario Municipal de bens e dereitos co nº 000026, como ben de dominio público destinado ó servizo público, concretamente, ó servizo de educación.*

*Segundo.- A Casa de Oficios Mestres Goldar na actualidade está baleira e non é adicada ó servizo público de educación, polo que estìmase procedente proceder a súa desafectación como ben de dominio público destinado ó servizo público, ó fin de poder adicalo a outros fins.*

*Terceiro.- De acordo co informe da Xefatura do Servizo de Educación, de data 5 de setembro de 2005, "o local municipal sito na rúa Mestres Goldar nº 22, non se está a utilizar como escola nin colexio, nin está previsto que sexa necesaria a súa utilización para os mesmos".*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*Primeiro.- Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, atópanse afectados ó uso ou servizo público (artigo 79.3 LBRL, 2 RBEL e 5 LPAP), e dentro desta categoría de bens demaniais, son bens de servizo público local os destinados directamente ò cumprimento de fins públicos de responsabilidade das Entidades Locais (artigos 4 RBEL, 265 LALG e 74.2 TRRL).*

*Segundo.- Os bens e dereitos demaniais perderán esta condición, adquirindo a de patrimoniais, nos casos nos que se produza a súa desafectación, por deixar de destinarse ó uso xeral ou ó servizo público (artigo 69 Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas).*

*Terceiro.- A facultade das Entidades Locais para proceder à alteración da calificación xurídica dos seus bens está recoñecida nos artigos 81 da LBRL, 269 da LALG e 8 do RBEL, que requiren a tramitación dun expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade. No presente caso, a alteración xustificase ó non destinarse a Casa de Oficios Mestres Goldar ó servizo público de educación.*

*Cuarto.- O expediente someteráse a información pública polo prazo dun mes, segundo o procedemento regulamentario, mediante as publicacións correspondentes no Taboleiro de Anuncios de Concello e no Boletìn Oficial da Provincia, resultando aprobado definitivamente se no prazo de información pública non se formulan alegacións ó mesmo, e noutro caso, trala resolución que corresponda adoptar polo Órgano.*

*Por todo o anteriormente exposto, e dacordo co sinalado na dilixencia desta mesma data, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*"1º.- Aprobar inicialmente a alteración da natureza xurídica do inmoble sito na rúa Mestres Goldar nº 22, denominado Casa de Oficios Mestres Goldar, que consta no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 4-5-93 co nº de propiedade 000026, desafectandoo ó servizo público co que consta no mesmo.*

*2º.- Someter, polo procedemento regulamentario, o presente expediente a información pública, durante o prazo de un mes, de acordo co previsto no artigo 8.2 do RBEL.*

*3º.- O presente acordo resultará aprobado definitivamente, se transcorrido o prazo de información pública non se presentaran alegacións ó mesmo, extremo que se acreditará mediante a correspondente certificación que ó efecto expida a Secretaría Xeral.*

*4º.- Efectuar no Inventario Municipal de bens e dereitos as rectificacións que procedan".*

Acordo

A Xunta do Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**31(1486).- RECLAMACIÓN DE PURIFICACIÓN SIMÓN SOTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 61/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Departamento de Patrimonio e Contratación, do 28.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que dí o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Purificación Simón Soto presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de febreiro de 2004, polos danos materiais sufridos no vehículo de súa propiedade, matrícula PO-6357-BT , cando circulaba co mesmo o día 06 de febreiro de 2003, pola rúa Progreso, ó introducir a roda nun sumidoiro ubicada na calzada.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de 13/08/2004, no que manfiestan que o perímetro das obras que se realizaron na rúa Progreso pola empresa Construcciones Crespo estivo valado segundo as necesidades das obras e o tráfico rodado.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 06/09/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Práctica de proba testifical, do 26/11/2004, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Simón.*
- *Informe do Parque Móbil, de 03/12/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 93581 de Delio, S.L., por un importe de 250,87 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á empresa Construcciones Crespo, que formula alegacións con data 05/01/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 20/01/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *d) Que non sexa producto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presencia interposta dunha empresa contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servicio público ou actividade da Administración asumido polo contratista, polo que é preciso deslinda-la imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsable do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputabel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.*

*Entre os servicios públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludibel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Na rúa Progreso, na data do accidente, estábanse a realizar obras correspondentes ó "Proxecto de humanización do contorno de Príncipe", pola empresa Construcciones Crespo, S.A., en virtude de contrato asinado en data 27 de agosto de 2002. Consonte o artigo 139.3 do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial "a responsabilidade da sinalización das obras corresponderá ós organismos que as realicen ou as empresas adxudicatarias daquelas". Se ben o Servizo de Vías e Obras, en informe de data 13/08/2004, manfiesta que o perímetro das obras que se realizaron na rúa Progreso pola empresa Construcciones Crespo estivo valado segundo as necesidades das obras e o tráfico rodado, dato corroborado pola empresa nas súas alegacións en trámite de audiencia, o certo é que, aínda que estiveron sinalizadas correctamente, no momento puntual no que ocorreu o accidente orixe da presente reclamación, segundo a testemuña presencial dos feitos, atopábase unha arqueta destapada na calzada e sen sinalización ningunha que advertese do perigo.*

*Constatado que a causa eficiente dos danos no vehículo da Sra. Simón foi a existencia dunha arqueta destapada e sen sinalizar na calzada, e que a responsabilidade da sinalización correspondía á empresa que realizaba as obras, a informante conclúe que dos danos deberá responder Construcciones Crespo S.A., consonte o disposto no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, que estabelece que "Será obriga do contratista indemnizar tódo os danos e perxuizos que se causen a terceiros como consecuencia das operacions que requira a execución do contrato".*

*Polo exposto, <u>propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo</u>:*

*“1º. -Estimar a reclamación formulada por dona Purificación Simón Soto.*

*2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Construcciones Crespo S.A., empresa contratista das obras correspondentes ó “Proxecto de humanización do contorno de Príncipe”, de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, debendo dita empresa indemnizar á reclamante na cuantía de 250,87 €, correspondente ó valor da reparación do seu vehículo”.*

<u>Acordo</u>

A Xunta do Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**32(1487).- RECLAMACIÓN DE CELIA ÁLVAREZ MONTERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 199/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Departamento de Patrimonio e Contratación, do 26.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que dí o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Celia Álvarez Montero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de maio de 2004, no que expón que o día 15 de marzo de 2004, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, á altura do número 219, sufriu unha caída por mor dunha lousa de pedra solta existente no centro da calzada, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 15/03/2004, no que os axentes actuantes, persoados no lugar dos feitos a requerimento da Sra. Álvarez, recollen as súas manifestacións sobre os feitos; así mesmo, comproban a existencia dunha lousa de pedra solta no centro da calzada.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 11/11/2004, manifestando que a zona, no momento en que se realizou o informe, atópase en perfecto estado de conservación.*
- *Práctica de proba testifical ás testemuñas propostas pola reclamante, con data 11/01/2005, que confirman os extremos alegados pola Sra. Álvarez.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 24/01/2005, no que se manifesta que a empresa Movexvial realizara obras na zona e que na data do accidente estas aínda estaban no seu período de garantía.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 954,30 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á empresa construtora das obras realizadas na rúa Urzáiz, que formula alegacións con data 18/03/2005.*

- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 14/04/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
d) *Que non sexa producto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista da mesma.*

*O dano prodúcese no marco dunha actividade da Administración, aínda que tal actividade é asumida por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, constátase no expediente, tanto no Parte do servizo da Policía Local como na declaración da testemuña presencial dos feitos, o deficiente estado da beirarrúa por mor da existencia dunha lousa solta no paseo da rúa Urzáiz, que sobresaía uns 10 cms. No entanto, tal circunstancia non entrañaba un risco especial para os viandantes, xa que non se trataba dun defecto oculto, senón que era perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación. Dato que se desprende da declaración da testemuña, que manifesta que " la piedra estaba levantada más de la mitad. Podía verse a una distancia de unos veinte metros", polo que a informante conclúe que a neglixencia da victima interferiu no nexo causal, procedendo apreciar neste caso unha concurrencia de culpas.*

*Segundo o Informe do servizo de Vías e Obras, de data 24/01/2005, as obras na zona foron realizadas pola empresa Movex Vial, obras que na data do accidente estaban en período de garantía. Aínda que esta empresa manifesta en trámite de audiencia que "desde la fecha de recepción de las obras el 22 de enero de 2004, hasta el momento de la inspección que tuvo lugar el 11 de noviembre de ese mismo año, no hubo ninguna otra reclamación, por lo que se puede afirmar que las obras se encontraban en perfecto estado de conservación y funcionamiento sin que presentase vicios externos" e que "no ha recibido requerimiento de reparación alguno en relación a deficiencias de las obras desde la fecha de recepción hasta el día de hoy", o certo é que os axentes da Policía Local fan constar a existencia dunha lousa solta e que sobresaía do chan uns 10 cms, tal e como manifestaba a Sra. Álvarez, dato que a súa vez corrobora a testemuña presencial dos feitos. Consonte o artigo 97.1 Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño "será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros, coma consecuencia das operacións que requira a execución do contrato".*

*Polo exposto, <u>propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:</u>*

*"1º. Estimar parcialmente a reclamación formulada por dona Celia Álvarez Montero.*
*2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde, en concorrencia coa reclamente, a Movex Vial, S.L., empresa contratista do Excmo. Concello de Vigo para a realización das obras da rúa Urzáiz, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 477,15 euros".*

<u>Acordo</u>

A Xunta do Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**33(1488).- RECLAMACIÓN DE ARMINDO ÁLVAREZ BURGOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 259/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Departamento de Patrimonio e Contratación, do 26.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que dí o seguinte:

*Antecedentes:*

*Don Armindo Álvarez Burgos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de xullo de 2004, no que expón que o día 06 de maio de 2004, cando circulaba pola rúa Darío Durán coa súa motocicleta, matrícula PO-7048-BM, esvarou por mor da presenza de barro na vía, producíndose tanto danos físicos á súa persoa como danos materiais ó seu vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, con data 06/05/2004, nas que os axentes actuantes recollen as manifestacións do Sr. Álvarez, que declara ter esvarado minutos antes na rúa Darío Durán, por mor do barro que había na calzada e producirse danos físicos. Persoados no lugar do accidente, os axentes constatan a presenza de barro na calzada proveniente do desterro que se efectuaba nunha urbanización anexa. Así mesmo, postos en contacto coas empresas responsábeis das obras, ningunha das mesmas acepta facerse cargo do accidente.*

- *Informe do servizo de Limpeza, de 04/10/2004, manifestando que o 6 de maio de 2004, despois de recibir unha chamada urxente da Policía Local, a empresa contratada por este Concello para a limpeza viaria procedeu o baldeo da rúa Darío Durán por mor da gran cantidade de terras acumuladas debido á saida de camións das obras que se están a realizar nesa rúa.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.675,07 euros.*
- *Informe do Parque Móbil, de 20/04/2005, comunicando que os prezos contidos no informe pericial, presentado polo reclamante, por un importe de 583,91 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 11/05/2005.*
- *Informe do Servicio de Limpeza, de data 6 de outubro de 2005, manifestando que na rúa onde ocorreu o accidente diariamente se realiza o servizo de varrido de beirarrúas e bordos cun operario e carro, e unha ou dúas veces por semana procédese ó baldeo mecánico cunha cisterna. O día precedente ó accidente prestouse o servizo de varrido pero non se prestou o de baldeo mecánico.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
*b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
*c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
*d) Que non sexa producto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter as vías públicas de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos usuarios nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos automovilistas, dará lugar*

*á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo usuario e o deficiente funcionamento do servizo público. Así mesmo, a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso as empresas que estaban construíndo na rúa Darío Durán, e contra as que deberá dirixirse a reclamación dos danos padecidos polo Sr. Álvarez, xa que os axentes constatan a presenza de barro na calzada proveniente do desterro que se efectuaba nunha urbanización anexa, dato corroborado no informe do servizo de Limpeza, de 04/10/2004, no que se manifesta como causa da gran cantidade de terras acumuladas na rúa Darío Durán "á saida de camións das obras que se están a realizar nesa rúa".*

*Tendo en conta o dato de que nas horas inmediatamente anteriores ó accidente, non se denunciou por ningún usuario a existencia de barrio na calzada, nin se detectou tampouco polos servizos de vixilancia do Concello, presúmese, consecuentemente, que o vertido de barro produciuse pouco tempo antes do accidente que motiva a reclamación. Dato corroborado polo feito de que, segundo o servizo de limpeza deste Concello, se realiza diariamente a limpeza da rúa Darío Durán*

*É Xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo (RJ 1986/5663, RJ 1987/535) exonerar de responsabilidade á Administración por unha eventual culpa in vigilando, cando o obstáculo existente sobre a calzada é imprevisíbel e non se pode acreditar a súa orixe e nin sequera o momento en que se formou, deducíndose así que, polo funcionamento regular do servizo de limpeza deste Concello, non é factíbel que o devandito vertido de barro se orixinase con antecipación dun número importante de horas abondas para que se poidese detectar e despexar a calzada.*

*Do regular funcionamento do servizo de limpeza do Concello de Vigo e mais do feito de que o vertido de barro na calzada procede dun terceiro ou terceiros, as empresas que estaban construindo na rúa Darío Durán, despréndese a ruptura do nexo causal que exclúe a responsabilidade desta Administración.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*"Desestimar a reclamación formulada por don Armindo Álvarez Burgos por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultaren probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración".*

Acordo

A Xunta do Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**34(1489).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO, SEN SER OFICIAIS CONDUCTORES, AO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN INCENDIOS, 3º TRIMESTRE 2005. EXPTE. 16072/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de intervención, do 28.10.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 26.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal do servicio de bombeiros, D José Manuel González Ucha, con nº de persoal 17.101

e categoría de administrativo, e don J. Manuel García González con nº de persoal 10.808 e categoria de sarxento xefe de quenda, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 262.08 € (douscentos sesenta e dous euros con oito céntimos), correspondentes ó 3º TRIMESTRE de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**35(1490).- PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE CEMITERIOS, AGOSTO E SETEMBRO 2005. EXPTE. 16072/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Intervención, do 28.10.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 27.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servicios prestados polo persoal do servicio Cemiterios, aboaráse os traballadores que figuran nas relacións remitidas con data 3 de outono e 1 de setembro do ano que andamos, polo Xefe de Servicio e debidamente conformadas pola Alcaldesa do Concello de Vigo, que se achegan no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ós meses de agosto e setembro-2005, e que ascenden a un total de 2.006,65.- euros, ( dous mil seis euros con sesenta e cinco céntimos) con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**36(1491).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, AGOSTO E SETEMBRO. EXPTE. 16085/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Intervención, do 3.11.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 27.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de agosto e setembro do 2005., e que ascenden a un total de 1.196,48 €, (MIL CENTO NOVENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS) con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

**37(1492).- SOLICITUDE DE D. ENRIQUE GARCÍA SILVA DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR PÚBLICO. EXPTE. 16084/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta xefa da Área de Réxime Interior, do 2.11.05, que di o seguinte:

*A medio de instancia de data 31 de outubro de 2005, D. Enrique García Silva, funcionario de carreira desta Excma. Corporación municipal, con DNI 36.064.903-Y e nº de persoal 21048, con praza de cabo da Policía Local e posto da mesma denominación, solicita ó seu pase á situación de excedencia voluntaria.*

*Achega a súa solicitude certificado do secretario do tribunal cualificador para a selección dunha praza de Sarxento da Policía Local do Concello de Nigrán, onde se informa que rematado o proceso selectivo o tribunal acordou propoñer para o nomeamento ó solicitante.*

*De conformidade co disposto no artigo 15 do R.d 365/95, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración civil do Estado, de aplicación supletoria ós funcionarios da Administración local, en concordancia co disposto nos artigos 29.3.a) da Lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública, e 7.1.a) do Decreto 92/1991, de 10 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que procederá declarar de oficio ou a instancia de parte en situación de excecencia voluntaria ós funcionarios cando se atopen situación de servicio activo no Corpo ou Escala de calquera administración pública, agas que obtivese a oportuna compatibilidade ou pase a prestar servicios en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar en otra situación.*

*Considerando as competencias resolutorias atribuídas a Xunta de Goberno local no artigo 127 da lei 7/85, de bases de réxime local, introducido pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do Goberno local, <u>sométese a sua consideración a seguinte proposta de resolución</u> :*

*"Declarar a D. Enrique García Silva, funcionario de carreira desta Excma. Corporación municipal, con DNI 36.064.903-Y e nº de persoal 21048, con praza de cabo da Policía Local e posto da mesma denominación, en situación de excedencia voluntaria por prestación de servicios no sector público, con efectos económicos e administrativos do día 13 de novemb0 de 2005, de conformidade co informe que antecede.*

*O funcionario poderá permanecer nesta situación en tanto se manteña a relación de servicios que deu orixe á mesma. Unha vez producido o cese nela, deberá solicita-lo reingreso ó servicio activo no prazo máximo de 30 días, declarándose, de non facelo, na situación de excedencia voluntaria por interese particular. Dito reingreso producirase, en todo caso, con ocasión de vacante con dotación presupostaria, de non existir vacante, permanecerá na situación de excedencia voluntaria ata tanto non se produza dita vacante."*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**38(1493).- RATIFICACIÓN DO CONVENIO SOBRE O PREZO XUSTO DA PARCELA "B-5" EXPROPIADA A Dª CONCEPCIÓN COLLAZO MARTÍNEZ CON MOTIVO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO CAMIÑO DE MACEIRAS. EXPTES. 4467/401 - 145/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 28.10.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

*En data 27/05/2002 o Pleno municipal acordou: "Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio e relación individualizada de bens e dereitos afectados pola ampliación do camiño de Maceiras (Teis), entre a rúa Dr. Corbal e a prolongación da rúa Pedro Alvarado, declarando expresamente a necesidade da súa ocupación –implícita na aprobación do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana-, de acordo coa memoria e planos elaborados pola oficina municipal de actuacións viarias, e co listado que se reproduce no Anexo deste Acordo" (Expte. 145/413).*

*Nese procedemento expropiatorio incluíuse a finca "B-5", afectada pola expropiación en 172 m², máis 36 m² de ocupación temporal.*

*No 25/10/2002 outorgáronse as Actas Previas á Ocupación e Depósitos previos. No 29/10/2002 emitiuse Acta de ocupación da finca.*

*Tramitada a peza separada do prezo xusto expropiatorio, no día 08/04/2005 Dª. Concepción Collazo Martínez interpuxo un escrito no que solicitou que en vez de pagárselle o prezo xusto expropiatorio se lle recoñeza o aproveitamento urbanístico da parte da finca expropiada, na execución do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.*

*En consecuencia, de conformidade co disposto no Art. 24 da vixente Lei de Expropiación Forzosa e art. 37 Lei 6/1998, do 13 de abril, do Réxime do Solo e Valoracións, no día 15 de xullo de 2005 a expropiada asinou co sr. concelleiro-delegado de urbanismo o seguinte*

*CONVENIO*

*Nas dependencias da Xerencia Municipal de Urbanismo, a 15 de xullo de 2005.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, e como representante da Administración municipal:*

*D. José Manuel Figueroa Vila, Concelleiro de Infraestructuras e Medio Ambiente, en representación do Concello de Vigo, por delegación da Sra. Alcaldesa-Presidenta.*

*D. Francisco de Cominges Cáceres, Técnico de Administración Xeral, por delegación do Secretario municipal, que da fé do acto.*

*De outra parte, Dª. CONCEPCIÓN COLLAZO MARTÍNEZ, quen acredita a súa personalidade coa exhibición do DNI 35.983.486-D, propietaria da finca núm. B-5 do proxecto expropiatorio para a ampliación do camiño de Maceiras referencia (expte. 4467/401 – 145/413), aportando o correspondente título de propiedade. Segundo informe do perito agrícola D. José Carlos Alonso Pena, a finca matriz, antes da expropiación, ten unha superficie de 588 m².*

*A superficie expropiada é de 172 m². Ten os seguintes lindeiros:*

*Norte: Resto de finca matriz.*

*Sur: Camiño de Maceiras.*

*Leste: Antonio Lago.*
*Oeste: Ubaldino Álvarez.*

*A través do presente documento, que deberá ser ratificado pola Xunta de Goberno Local, recoñéceselle a Dª. CONCEPCIÓN COLLAZO MARTÍNEZ, quen acredita a súa personalidade coa exhibición do DNI 35.983.486-D, propietaria da finca núm. B-5 do proxecto expropiatorio para a ampliación da rúa Maceiras referencia (expte. 4467/401 – 145/413), o aproveitamento urbanístico derivado da superficie expropiada de 172 m². O terreo expropiado transmítese en pleno dominio, libre de cargas e gravámenes, respondendo a parte transmitente da evicción e saneamento da mesma. Do mesmo xeito, indemnizaránse as plantacións ou elementos construídos na finca, tal e como se reflicten no proxecto expropiatorio. No caso de que o dito aproveitamento urbanístico non se puidese materializar no prazo máximo de DOUS ANOS dende a sinatura deste Convenio, a interesada poderá solicitar que se lle pague a expropiación en metálico segundo as normas de expropiación forzosa".*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

I. *Procedencia da formalización de convenio de determinación do xustiprezo.- O art. 24 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954 e arts. 25 a 27 do Regulamento da devandita Lei aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957, así como o art. 37 Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV) prevén a posibilidade de que o expropiado e a Administración beneficiaria da expropiación conveñan a adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto daquela libremente e por mutuo acordo, que pode producirse en calquera momento do expediente ata que o Xurado decida sobre o xustiprezo.*

II. *Cláusulas do convenio.- Dado o avanzado estado do procedemento de revisión do Plan Xeral, procede ter en conta a clasificación e calificación urbanística da parcela no futuro PXOM. Entre as cláusulas do convenio, debe tamén salvagardarse o dereito do expropiado á percibir o importe determinado en concepto de xustiprezo, naquel caso que non se poida materializar o aproveitamento urbanístico que se lle recoñece. Xa que logo, procede incluír unha estipulacion na que se fixe un determinado prazo para a aprobación definitiva do planeamento xeral. Noutro caso, tramitarase a peza de prezo xusto na forma legalmente establecida, indemnizándoselle en metálico, tomando como referenza a data de aprobación inicial do proxecto expropiatorio. Por outra banda, este convenio circunscribe os seus efectos exclusivamente á porción de finca expropiada. As cuestións sobre dominio, dereitos reais ou deslinde do resto da finca que puidesen plantexarse deberán resolverse na vía xudicial ordinaria. Neste senso, a referenza sobre a superficie da finca matriz efectuada no convenio é meramente orientativa, pois procede dun informe de parte, non contrastado.*

III. *Órgano competente para a adopción deste acordo.- Tendo en conta o establecido no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o órgano que ten atribuída a competencia para adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.*

*En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Ratificar o acordo sobre o prezo xusto da parcela "B-5" expropiada con motivo das obras de urbanización do camiño de Maceiras, subscrito por Dª Concepción Collazo Martínez e o Concelleiro-Delegado de Urbanismo no día 15 de xullo de 2005, transcrito na parte expositiva deste Acordo (expte. 4467/401 - 145/413).*

*SEGUNDO: Notifíquese este Acordo ós interesados polo mesmo, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**39(1494).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA CUBERTA E FACHADAS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO BERBÉS. EXPTE. 46515/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto Proxecto de reparación e acondicionamento da cuberta e fachadas do pavillón Polideportivo do Berbés" redactado polo arquitecto Sr. Piñeiro Ferradás, o prego de condicións técnicas, asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 10.10.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 10.10.05; visto o informe xurídico do 17.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 10.10.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de " Reparación e acondicionamento da cuberta e fachadas do pavillón Polideportivo do Berbés " redactado polo Arquitecto municipal D. Juan Luís Piñeiro Ferradás, contendo Memoria, Planos de conxunto e detalle, Prego de prescripcións técnicas particulares, programa de desenvolvemento dos traballos e Estudo de Seguridade e Saúde .

2º.- Aprobar o prego de prescripcións técnicas para o contrato das obras de " Reparación e acondicionamento da cuberta e fachadas do pavillón polideportivo do Berbés "., redactado polo Xefe do Servicio de Vías e Obras.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servicios Xerais con data 10 de outubro do 2005 para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de " Reparación e acondicionamento da cuberta e fachadas do Pavillón polideportivo do Berbés ".

4º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras con cargo á partida 511.0.611.00.55 do presuposto 2005 e por un importe máximo de 600.000,00 €

5º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**40(1495).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN DE MUROS EN ALFONSO XIII-RENFE, PARQUE CAMILO JOSÉ CELA E PRAIA DA PUNTA. EXPTE. 46499/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, vito o prego de condicións técnicas para a contratación das obras contempladas nos proxectos “muro de contención na rúa Alfonso XIII-Renfe; muros no Parque Camilo José Cela e muro na praia da Punta-Teis”, asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 5.10.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 5.10.05; visto o informe xurídico do 14.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 5.10.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servicios Xerais con data 5 de outubro do 2005 para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras dos proxectos de construcción e rehabilitación de muros en R. Alfonso XIII- Renfe , Parque Camilo José Cela e Praia da Punta – Teis .

2.- Autorizar a tramitación do expediente como anticipado de gasto por estarse a tramitar a modificación presupostaria que permite dar cobertura ó gasto. Polo tanto a adxudicación do contrato quedará en suspenso ata que exista crédito adecuado e suficiente para facer frente ó gasto.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras por importe de :

Muro contención na R. Alfonso XIII – Renfe :70.530,19 € ; Muros no Parque Camilo José Cela : 81.322,70 € e Muro da Praia da Punta - Teis: 38.579,45 € e con cargo ás partidas 511.0.611.00.31 ; 511.0.611.00.03 e 511.0.611.00.04 respectivamente do presuposto 2005 , supeditado éste a existencia de crédito

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**41(1496).- LIBRAMENTO A XUSTIFICAR POR IMPORTE DE 43.000 € PARA ABOAMENTO DE SERVIZOS DE RECEPCIÓN OFICIAL DA SAÍA VOLVO OCEAN RACE 2005. EXPTE. 2603/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 4.11.05, que di o seguinte:

*A Consellería de Deportes da Xunta de Galicia, a medio da Dirección Xeral para o Deporte, delegou na Dirección de "Volvo (U.K.)" a organización da Volvo Ocean Race e as súas etapas. A Dirección da Volvo (U.K.), nomeou oficialmente coma organizador das instalacións das recepcións oficiais de saída ó Grupo Steam (Ali Gursoy), segundo se acredita en carta oficial asinada polo Director de Eventos Allison Crook, traducida por interprete xurado segundo se acredita no folio número 2.*

*A Alcaldía de Vigo, ten a intención de ofrecer unha recepción co galo da saída da Volvo Ocean Race dende Vigo, na carpa instalada a tal efecto na Estación Marítima de Trasatlánticos, administrada por Steam Group (Ali Gursoy), Sociedade Limitada inscrita no Rexistro de Inglaterra co número 04812632, segundo se acredita no documento número 3, traducida por interprete xurado.*

*Por todo isto, e pola carencia de tempo, e dadas as especiais circunstancias que concorren no expediente de referencia, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*"Autorizar o gasto de 43.000 euros, con cargo á P. 111.0.226.01.00 (Gastos Organos de Goberno) do vixente presuposto, para aboamento dos custes da recepción oficial de saída da Volta ó Mundo a Vela, e LIBRAR A XUSTIFICAR a nome de Avelino San Luis Costas, Xefe de Protocolo e RR.PP. (N.I.F. 35946375-C) a devandita cantidade de 43.000 euros, con cargo á P. 111.0.226.01.00 (Gastos Organos de Goberno) do vixente presuposto, para afrontar os gastos da devandita recepción oficial de saída –catering e outros servicios-, segundo se expresa no contrato xunto no expediente, traducido por interprete xurado".*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**42(1497).- AXUDAS SOCIO-SANITARIAS AOS TRABALLADORES MUNICIPAIS CON CARGO AO FONDO SOCIAL. EXPTE.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.08.05 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización do Servizo de Persoal, do 21.10.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- O fondo social ordinario previsto no artigo 30 do vixente Acordo Regulador queda establecido para o presente ano 2005, na cantidade de 330.404,84€.

2º.- Autoriza-la modificación de crédito aplicando ós créditos non consumidos que a continuación se relacionan, para incrementa-lo saldo da partida 313.1.162.05.00 –Fondo Social do persoal municipal, nunha contía de 90.000,00€, segundo o resumo de créditos existentes nas partidas e Servicios seguintes:

| POSTO | SERVICIO | PARTIDA | Nº POSTOS | BÁSICAS (PART 120.00.00) | COMPLEMENT. (PART 121.00.00) | TOTAL PRAZA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Inspector.Aux.Control Concesionarias | Unid.Tec.Seg.Emp Adx.S.M. | 432.1 | 2 | 15.492,84 € | 26.443,72 € | 41.936,56 € |
| Insp. Auxiliar Obras | Ofic.Adm.Vias e O | 511.0 | 1 | 7.746,42 € | 13.221,86 € | 20.968,28 € |
| Administrativo en xeral | Ofic.Adm.Vias e O | 511.0 | 1 | 9.473,76 € | 11.292,76 € | 20.766,52 € |
| Tec.Med.Obr.Publicas | Ofic.Superv.Prox. | 511.0 | 1 | 6.328,64 € | 0,00€ | 6.328,64 € |
| | | | 1 | 39.041,66 € | 50.958,34 € | 90.000,00 € |

3º.- Instar a Excma. Sra. Alcaldesa, a realización da correspondente modificación presupostaria, por un importe total de 90.000€, con cargo ós créditos vacantes existentes no Capítulo I, co obxecto de incrementa-la partida 31311620500 (Fondo Social).

4º.- Aprobar la proposta da Comisión Xestora do Fondo Social, sobre axudas socio-sanitarias, correspondente a convocatoria do ano 2005, que se achega no expediente, e que comeza pola funcionaria Dª. Beatriz Barbará Rodríguez e remata por Vila Davila, José Carlos, por un importe total de 226.309,00 €

**43(1498).- REVISIÓN EXTRAORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 3248/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 31.10.05, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Polo servicio de Montes, Parques e Xardins, remiten proposta de ampliación do contrato de conservación e reposición de zonas verdes, ó cal foi adxudicado a empresa Cespa por acordo da Xunta Local de Goberno de data 29 de marzo de 2005, por un prezo contractual de 3.539.490,17 euros/ano.*

*A ampliación do contrato producese pola incorporación das zonas detalladas na proposta do servicio, agrupándose éstas segundo os distintos tipos de superficies, e representando un coste según os calculos do Enxeñeiro de Montes, D. Rafael Lage Veiga, de 323.835,27 euros/ano.*

*O fundamento da ampliación do contrato de conservación e reposición de zonas verdes atopase no apartado IV b) do prego de claúsulas administrativas que rexeu o concurso, según dito apartado procederá a revisión extraordinaria do prezo do contrato polo aumento ou disminución de zonas verdes a incorporar, tanto das superficies relacionadas no presente prego, ou como pola incorporación de novas zonas, ou por calquer outro motivo que comporte incremento da superficie a conservar.*

*Polo exposto, <u>proponse a Xunta local de Goberno</u>, previo informe de Intervención Xeral e dictame da Comisión Informativa de Réxime Interior, <u>a adopción do seguinte acordo</u>:*

*Aprobar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de conservación e reposición de zonas verdes adxudicado a empresa Cespa por acordo da Xunta Local de Goberno de data 29 de marzo de 2005 e un prezo de 3.539.490,17 euros/ano, pola incorporación de novas superficies ó obxecto do mesmo, e incrementar o prezo contractual na cantidade de 323.835,27 euros/ano, debido a dita ampliación o prezo do contrato fixarase, a partir da aprobación desta revisión e da data da prestación dos novos servicios, na cuantía de 321.943,79 euros/mes; 3.863.325,44 euros/ano.*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**44(1499).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUN DUMPER-TRACTOR PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 3761/445.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da adquisición de un Dumper-Tractor para o Parque Móbil municipal, asinado polo xefe do Parque Móbil e conformado polo coordinador da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de dito Servizo, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 17.10.05; visto o informe xurídico do 21.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do xefe Administritivo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 17.10.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, polo xefe do Servizo do Parque Móbil e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescripcións técnicas para o contrato de subministro de “dumper - tractor para o Parque Móbil municial ” elaborado polo servicio de Parque Móbil.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de servicios Xerais para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso a subministración dun “ dumper - tractor para o Parque Móbil municipal ”.

3º.- Autorizar o gasto de 33.600,00 euros para a contratación do subministro de “ dumper - tractor para o Parque Móbil municipal ” con cargo á partida 121.2.623.00.02 do presuposto do 2005

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**45(1500).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DAS INSTALACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 12928/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de execución das obras de reforma das isntalacións do departamento de Benestar Social redactado polo arquitecto Sr. Abia Alonso, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, o 6.10.05, e conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico de data 17.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 24.08.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, delegada de Benestar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de execución das obras de Reforma das instalacións do Departamento de Benestar Social redactado polo Arquitecto D. Alberto Abia Alonso.

2º.- Autorizar o gasto de 127.000 euros para a execución do proxecto de Reforma das instalacións do departamento de Benestar Social que se imputarán da forma seguinte:

- 91.000 euro nas partida 1210.212.00.04 do presuposto do ano 2005.
- 6.000 euro nas partida 1210.212.00.04 do presuposto do ano 2006.
- 30.000 euro nas partida 1210.212.00.04 do presuposto do ano 2007.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto das obras do proxecto de Reforma das instalacións do departamento de Benestar Social .

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**46(1501).- ADXUDICACIÓN DA SUBHASTA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DUNHA PISTA POLIDEPORTIVA NA RÚA LUIS KASADO. EXPTE. 5279/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 17.08.05 acorda aprobar o expediente para a contratación das obras de execución dunha pista polideportiva na rúa Luis Kasado.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 19.10.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publidado no DOG nº 180 (19.09.05) e no BOP n1 181 (20.09.05) presentaronse as seguintes proposicións: 1) Construmad 2012 S.L., 2) Equipamentos Deportivos S.A., 3) Oreco, 4)Oresa S.L. e 5) Suso Fernández S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 24.10.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admmitindo as ofertas e formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Construcciones y Contratas Suso Fernández, S.L execución das obras de execución dunha pista polideportiva na rúa Luis Kasado por un importe de 41.071,69 euros. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 17.08.2005 e a oferta presentada.

**47(1502).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAIS E EXPOSICIÓNS. EXPTE. 8859/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 26.07.05 acorda aprobar o expediente de contratación para a prestación de servizos de atención ao público en exposicións e actividades de dependencias de Cultura.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 29.09.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOUE nº S153 (10.08.05), BOE nº 203 (25.08.05), DOG n1 177 (14.09.04) e BOP nº 164 (26.08.05) presentaronse as seguintes proposicións: 1) Servicios Securitas S.A., 2) V-2 Complementos Auxiliares S.A., 3) Eulen S.A., 4) Cobra Servicios Auxiliares S.A., 5) Sabico Servicios Auxiliares S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 3.10.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admmitindo as propostas e pasándoas a informe-proposta de do servizo de Cultura, que foi emitido polo

director do Verbum e o xefe do Servizo de Cultura, con data 24.10.05, conformado polo concellerio delegado da Área de Asuntos Sociais, propoñendo como adxudicataria a Servicios Secúritas S.A.

En sesión do 2.11.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Servicios Secúritas, S.A., o concurso para a contratación do servicio de atención ó público en dependencias da Unidade de Cultura: Verbum-Casa das Palabras, Casa das Artes de Vigo e Casa Galega da Cultura principalmente de acordo coas bases técnicas e cláusulas administrativas do 26 de xullo do 2005.

O importe total do contrato con Servicios Secúritas, S.A., segundo a súa oferta, ata o 31 de outubro de 2007, ascendería a 542.220,60 € (cincocentos coarenta e dous mil douscentos vinte euros con sesenta céntimos), IVE incluído, con cargo á partida 4510.227.06.14 "Servicios de atención ó público en dependencias culturais", e poderá ser prorrogable por dúas anualidades. Dita cantidade desglosarase do xeito que segue: no exercicio económico de 2005 unha cantidade de 43.345,75 €; para o exercicio económico de 2006 de 271.168,70 € e para o exercicio económico de 2007 de 227.706,15 €.

Os prezos unitarios de adxudicación dos servicios, co IVE incluído, serán os seguintes: atención xeral ó público: 10,80 €/hora; coordinación e xestión Verbum: 12,65 €/hora.

**48(1503).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cuarenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez